

I. E. S. VALLE INCLÁN

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

PROGRAMACIÓN CURSO 2018/2019

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
2. CONTEXTUALIZACIÓN	8
3. O DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS	9
Normativa	9
Composición	10
Materias do departamento afectadas pola implantación da LOMCE e profesorado que as imparte	11
Reunións	13
4. CURRÍCULO: DEFINICIÓN E ELEMENTOS QUE O FORMAN	13
5. AS COMPETENCIAS CLAVE	14
Relación de competencias clave	14
Contribución ás competencias claves desde a materia de Matemáticas	15
Os perfís competenciais.	17
6. CONTRIBUCION ÓS PROXECTOS DO CENTRO	20
Contribución ao proxecto lector	20
Contribución ao Plan TIC	21
7. OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	22
Normativa	22
Concreción dos elementos transversais que se traballarán en todas as materias obxecto desta programación	22
8. A EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA. ASPECTOS XERAIS.....	24
Aspectos a ter en consideración	24
<i>Finalidade da educación secundaria obrigatoria</i>	24
<i>Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria</i>	24
Metodoloxía didáctica	26

9. A PROGRAMACION NA EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	28
Materiais e recursos didácticos	28
A avaliación	28
<i>Características da avaliación</i>	28
<i>Grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliable</i>	30
<i>Mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia</i>	31
<i>Procedemento e instrumentos de avaliación</i>	31
Cualificación e promoción	32
10. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS 1º ESO	34
Libro de texto	34
Unidades didácticas: secuencia e temporalización	34
Concreción dos elementos curriculares	36
Tamaño do perfil de cada competencia na materia.	54
Perfís competenciais na materia e peso competencial da mesma.	54
Aspectos máis relevantes de contribución da materja na consecución das competencias.	55
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	56
Concrecións metodolóxicas que require a materia	58
11. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS 2º ESO	60
Libro de texto	60
Unidades didácticas: secuencia e temporalización	60
Concreción dos elementos curriculares	62
Tamaño do perfil de cada competencia na materia	81
Perfís competenciais na materia e peso competencial da mesma.	81
Aspectos máis relevantes de contribución da materja na consecución das competencias.	82
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	83
12. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS 3º ESO	85
Libro de texto	85
Unidades didácticas: secuencia e temporalización	85
Concrección de elementos curriculares	87

Tamaño do perfil de cada competencia na materia.	105
Perfís competenciais na materia e peso competencial da mesma.	105
Aspectos máis relevantes de contribución da materia na consecución das competencias.	106
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	107
Concrecións metodolóxicas que require a materia.	109
13. CURRÍCULO DA MATERIA DE 4º DE ESO.	110
Libro de texto.	110
Unidades didácticas: secuencia e temporalización.	110
Concreción dos elementos curriculares.	112
Tamaño do perfil de cada competencia na materia.	129
Perfís competenciais na materia e peso competencial da mesma.	129
Aspectos máis relevantes de contribución da materia na consecución das competencias.	130
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	131
14. A PROGRAMACIÓN NO BACHARELATO. ASPECTOS XERAIS.	133
Aspectos a ter en consideración.	133
<i>Finalidade</i>	133
<i>Obxectivos xerais</i>	133
Metodoloxía.	134

15. A PROGRAMACIÓN NO BACHARELATO	136
Materiais e recursos didácticos	136
A avaliación	137
<i>Características da avaliación</i>	137
<i>Grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliable.....</i>	137
<i>Mínimos esixibles para acadar avaliación positiva nunha materia.</i>	138
<i>Procedementos e instrumentos de avaliación</i>	138
Cualificación e promoción	140
16. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS I DE 1º DE BACHARELATO.	142
Libro de texto.	142
Unidades didácticas. Secuencia e temporalización.	142
Concreción dos elementos curriculares.	144
Tamaño do perfil de cada competencia na materia.	164
Aspectos máis relevantes de contribución da materja na consecución das competencias.	165
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	167
Concrecións metodolóxicas.	170
17. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS II DE 2º CURSO DE BACHARELATO.	171
Libros de texto.	171

Unidades dedácticas: secuencia e temporalización	171
Concreción deos elementos curriculares	173
Tamaño do perfil de cada competencia na materia.	192
Aspectos máis relevantes de contribución da materja na consecución das competencias.	193
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	195
18. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS AP. ÁS C. SOC. I DE 1º CURSO DE BACHARELATO	197
Libro de texto	197
Unidades dedácticas: secuencia e temporalización	197
Concreción dos elementos curriculares	199
Tamaño do perfil de cada competencia na materia.	216
Aspectos máis relevantes de contribución da materja na consecución das competencias.	217
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	219
Concrecións metodolóxicas	222
19. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS AP. ÁS C. SOC. II DE 2º CURSO DE BACHARELATO	223
Libro de texto	223
Unidades dedácticas: secuencia e temporalización	223
Concreción deos elementos curriculares	226
Tamaño do perfil de cada competencia na materia.	241
Aspectos máis relevantes de contribución da materja na consecución das competencias.	242
Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia.	244
20. PROGRAMACIÓN DA MATERIA MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS	246
21. BACHARELATO DE ADULTOS.....	254
22. CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ESO E BACHARELATO)	255
23. PROGRAMA PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE	257
24. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	265
25. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	268
26. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN	270
27. APROBABIÓN DA PROGRAMACIÓN	272
ANEXO: PROGRAMACIÓN DOS AGRUPAMENTOS EN 1º E 2º DE ESO.....	273
ANEXO: AVALIACIÓN NO BACHARELATO DE ADULTOS E RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE NO MESMO.....	275

1. INTRODUCCIÓN

A normativa legal a ter en conta é ampla, polo que se citan algunhas disposicións básicas:

- RESOLUCIÓN do 27 de xullo, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 15/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. do 29 de xullo). establece no seu artigo 13.3 os apartados mínimos que debe conter unha programación didáctica
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 120, do 29 de xuño) fixa no seu artigo 11 os "principios metodolóxicos" que o profesorado deberá empregar. Ademais, este decreto fixa os diferentes elementos do currículo, e máis concretamente os "estándares de aprendizaxe avaliábeis" (EA) que marcan o que o profesorado ten que acadar e que o seu alumnado ten que saber facer.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE num. 25, do 29 de xaneiro) introduce os termos de perfil de competencia e de rúbrica. Esta Orde indica na súa disposición derradeira primeira, punto 1, que ten carácter básico e, no punto 2, que se dita ao abeiro do artigo 149.30 da Constitución, "que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia".

A presente programación está deseñada conforme ás instrucións recollidas no artigo 13º da Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Todos os elementos incluídos nas citadas instrucións son recollidos na redacción deste documento, aínda que noutra orde.

3. CONTEXTO

O instituto está situado na Gran Vía Montero Ríos, no lateral da Alameda, na entrada da zona monumental. Trátase de un edificio nobre.

No "IES Valle Inclán" cursan estudos arredor de 800 alumnos, distribuídos na ESO, en bacharelato e en ensinanza de adultos. Tamén está dedicado a unha parte dos estudos da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra. Na actualidade ten 4 liñas de ESO e 5 de bacharelato.

Os centros adscritos ó IES Valle Inclán son o Álvarez Limeses, Barcelos e colexio San Xosé.

Aínda que debido ó proceso de escolarización a procedencia dos alumnos é diversa, a maior parte deles proceden de familias relacionadas co comercio, profesións liberais, funcionarios e pequenos empresarios. En liñas xerais as familias están preocupadas polos estudos dos seus fillos.

3. O DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Normativa

Ó igual que os demais departamentos docentes dos institutos de educación secundaria de Galicia, a súa organización e o seu funcionamento están regulados pola seguinte normativa:

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do citado Decreto 324/1996.
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifica parcialmente a Orde do 1 de agosto de 1997.

Composición

No curso 2016-2017, o Departamento estará formado polos profesores:

PROFESOR OU PROFESORA	Situación administrativa no centro	JEFATURA DE DEPARTAMENTO
Ignacio Touza Prieto	Destino definitivo	
Teresa Insua Franco	Destino definitivo	
Abelardo López Rodríguez	Destino definitivo	
José Manuel García Amor	Destino definitivo	X
Manuel Enrique Giménez Escribano	Destino definitivo	
Laura García Castro	Destino definitivo	
María Noguero Golán	Destino definitivo	
Yolanda Fojo Lage	Destino provisional	

Materias do departamento e profesorado que as imparte

	1º ESO Mat	2º ESO Mat	3º ESO Mat Acad.	4º ESO. Mat Acad.	1º Bacharelato Matemáticas I
Grupo A	J. Manuel	María	Abelardo	Teresa	J. Manuel
Grupo B	Yolanda	Teresa	Laura	J. Manuel	Laura
Grupo C	Yolanda	Ignacio	Laura	Abelardo	Laura
Grupo D	Ignacio	María	Yolanda	Laura	
Adultos					Enrique
Agrup. A/B	Ignacio	Ignacio			
Agrup. C/D	Dpto. Eco.	Yolanda			

	1º Bach, Mat. Ap. CS I	2º Bach. Mat. II	2º Bach. Mat. Ap. CS II.	2º Bach. M-E.N.	
Grupo A		J. Manuel		Teresa	
Grupo B		Teresa		Abelardo	
Grupo C		Teresa		Enrique	
Grupo D	María		Abelardo		
Grupo E	María		Abelardo		
Adultos	Enrique	Enrique	Enrique		

Reunións

O Departamento de Matemáticas celebrará, aproximadamente, unha reunión mensual. Na primeira reunión do curso establécese a distribución entre o profesorado dos distintos grupos asignados ao Departamento e na última redáctase e apróbase, se procede, a memoria final. En cada unha das demais reunións, ente outros temas, tratarase o desenvolvemento desta programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias. De cada unha destas reunións, o Xefe de Departamento levantará a correspondente acta que conteña os acordos, cando estes se produzan, e, que será aprobada, se procede, na seguinte reunión. Ademais das reunións ordinarias anteriormente citadas, serán frecuentes, pola súa operatividade, as reunións de profesores por cursos concretos

4. O CURRÍCULO: DEFINICIÓN E ELEMENTOS QUE O FORMAN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece no apartado 2 do artigo 2º que o currículo dunha materia “está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeles, e pola metodoloxía didáctica”. A mesma norma, no seu artigo 3º, define cada un dos elementos que conforman os currículos:

- **Obxectivos:** referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- **Competencias:** capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- **Contidos:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.
- **Criterios de avaliación:** referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecemento coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- **Estándares de aprendizaxe avaliábeles:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado

debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

- **Metodoloxía didáctica:** conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

5. AS COMPETENCIAS CLAVE

Relación de competencias clave

Segundo recolle o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento, en particular, dende as matemáticas.

Tal e como establece o decreto anteriormente citado, as competencias clave son as seguintes:

- **Comunicación lingüística (CCL).**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**
- **Competencia dixital (CD).**
- **Aprender a aprender (CAA).**
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

No sucesivo faremos referencia a elas simplemente a través das siglas indicadas entre parénteses.

Contribución ás competencias claves desde as materias de Matemáticas

CMCCT

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

RESTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

No currículo correspondente a tódolos curso figura o bloque "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e

computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias.

CCL

- Lee de forma comprensiva os enunciados.
- Comunica os resultados
- Elabora un discurso utilizando os esquema de demostración en matemáticas.
- Aplica o método científico nunha gran parte das disciplinas de estudo.

CD

- Trata adecuadamente a información.
- Utiliza o programa EXCEL para a manipulación de información de tipo "datos" e utiliza o programa para distintos cálculos con listas de datos e para a representación gráfica.
- Elabora programas cortos para a obtención de resultados nos programas matemáticos de software libre.
- Utiliza a pizarra dixital.
- Escribe e transmite a información en distintos soportes.
- Utiliza de forma básica os programas de acceso libre como MAXIMA, GEOGEBRA, DERIVE, etc.

CAA

- Identifica non só as respostas a un problema, senón tamén as que quedan por resolver.
- Localiza bibliografía sobre historia da matemática a fin de ver o modo en que se afrontaron historicamente cuestións como o cálculo diferencial, a estadística, etc.
- Afonda na lóxica de enunciados e nas propiedades para coñecer a linguaxe matemática.
- Aplica, en casos sinxelos, os resultados de cálculo diferencial á física.

CSC

- Adquire unha actitude aberta ante varios enfoques á hora da resolución de un problema.
- Valora a contribución dos compañeiros no caso dos traballos en grupo.

CSIEE

- Establece un plan de traballo en revisión e modificación continua a medida que se vai resolvendo un problema.
- Busca, en distintas fontes, exercicios de aplicación adecuados ós coñecementos que vai adquirindo .

CCEC

As actividades ou pequenos proxectos incorporan elementos culturais ou artísticos. En elas

- Describe elementos arquitectónicos de distintos monumentos de carácter relixioso ou civil.
- Explica os elementos citados a medida que vai adquirindo os coñecementos en xeometría.
- Describe, a grandes rasgos, o momento en que aparecen os principais resultados en matemáticas, a motivación e as consecuencias dos mesmos.
- Explica, a grandes rasgos, a estrutura actual das matemáticas e a súa fundamentación.

Os perfís competenciais

O perfil dunha competencia clave é o conxunto dos estándares de aprendizaxe avaliáveis de todas as materias de todos os niveis nos que se traballa a competencia.

O perfil dunha competencia clave nun determinado nivel é o conxunto dos estándares de aprendizaxe avaliáveis de todas as materias dese nivel nos que se traballa esa competencia.

O perfil dunha competencia clave nunha determinada materia é o conxunto dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia nos que se traballa esa competencia. O tamaño do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia tería que ver logo co número de estándares que o forman. É dicir, se a competencia clave se traballa en moitos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia sería lóxico afirmar que o seu perfil ten un tamaño grande; pola contra, se a competencia se traballa en moi poucos estándares de aprendizaxe avaliáveis, é razoable falar dun perfil competencial de pequeno tamaño. Sen embargo, a posibilidade de que os estándares de aprendizaxe avaliáveis nos que se traballe a competencia estean moi concentrados en poucos criterios de avaliación fai necesaria a matización do concepto de tamaño. Por iso, no sucesivo imos falar de dous tipos de tamaño:

- **Tamaño absoluto do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia:** número de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia nos que se traballa a competencia.

- **Tamaño relativo do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia:** número de criterios de avaliacións nos que se concentran os estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman o perfil.

Non cabe dúbida de que o tamaño relativo do perfil dunha competencia nunha determinada materia é mellor indicador que o absoluto para saber “canto” e “como” se traballa a competencia nesa materia.

Por exemplo, en dúas competencias que teñen perfil de tamaño absoluto 10 nunha determinada materia. Se a primeira ten tamaño relativo 2 e a segunda 5, dedúcese que no primeiro caso trabállase con intensidade nunha pequena parte da materia; sen embargo no segundo trabállase nunha gran parte da materia.

O peso do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia vén a ser como o grao de contribución da materia á adquisición desa competencia por parte do alumnado. Evidentemente, pódese referenciar ese peso ao nivel no que está a materia (que é o máis habitual) ou ao conxunto de todos os niveis nos que se traballa a competencia. En calquera caso, a cuantificación rigorosa é discutible.

No currículo de cada materia obxecto deste documento imos ponderar o peso do perfil dunha determinada competencia nesa materia como o resultado, expresado en porcentaxe, de dividir o tamaño relativo do perfil da competencia na materia entre a suma dos tamaños relativos dos perfís desa competencia en todas as materias do mesmo nivel.

Finalmente, para medir dalgunha maneira a contribución dunha materia, dentro do nivel ao que pertence, á adquisición de todas as competencias clave en conxunto, utilizaremos un parámetro que imos chamar peso competencial da materia e que estimaremos da seguinte maneira:

- En primeiro lugar, calcularemos para cada materia de nivel, o que chamaremos tamaño relativo conxunto, que vai ser a suma dos tamaños relativos das sete competencias clave nesa materia.
- E, en segundo lugar, ponderaremos o peso competencial de cada maneira expresando en porcentaxe o resultado de dividir o tamaño relativo conxunto que lle corresponde entre a suma de todos os tamaños relativos conxuntos.

Cando máis adiante se expoña neste documento o currículo de cada materia da área de Matemáticas, indicárase, con respecto ao tema que agora nos ocupa, o seguinte:

- O perfil de cada competencia clave na materia.
- O tamaño absoluto e relativo de cada perfil competencial na materia.
- O tamaño relativo conxunto correspondente a materia.
- Os pesos competenciais (en porcentaxe) desta materia fronte ó total das materias do mesmo nivel (en E. Secundaria Obrigatoria).

- Concreción da contribución da materia á consecución das competencias clave, especificando especialmente algún factor que vai constituír o eixo central ou prioritario na programación didáctica.

6. ACCIÓNS DE CONTRIBUCION AOS PROXECTOS DO CENTRO

Accións de contribución ao proxecto lector

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, dispón no apartado 7 do seu artigo 11º, que “coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias”.

O Departamento de Matemáticas contribúe ó plan lector do centro propoñendo a lectura dalgúns dos seguintes libros relacionados coa historia das Matemáticas e coas súas aplicacións:

Para o primeiro ciclo de ESO:

Título: La selva de los números

Autor: Ricardo Gómez Colección: Alfaguara Editorial: Santillana 2002

Título: O principiño

Autor: Antoine de Saint-Exupéry

Editorial: Galaxia 1979

Para o segundo ciclo de ESO

Título: El señor del cero

Autor: Mª Isabel Molina

Colección: Alfaguara

Editorial: Santillana 2002

Título: El gran juego

Autor: Carlo Frabetti

Editorial: Alguara

Para Bacharelato

Título: El teorema del loro

Autor: Denis Guedj

Editorial. Siruela

Título Los relatos de Gudor Ben Jusá

Autor: J. de Burgos

Fundación General UPM

Accións de contribución ó Plan TIC

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, dispón no apartado 8 do seu artigo 11º, o seguinte: “promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe”.

O departamento de Matemáticas formula as seguintes accións para contribuír ao fomento das TIC no centro:

- Utilizar a calculadora de forma eficaz e intelixente para realizar operacións complicadas, comprobar cálculos manuais ou mentais e realizar pequenas investigacións.
- Promover a utilización de programas informáticos destinados a realización de operacións, a construción de figuras xeométricas, a medición de áreas, a composición de movementos e o tratamento de gráficos e datos estatísticos.
- Propoñer algunha actividade consistente en buscar información na rede sobre cuestión relacionadas coa materia o sobre algún matemático.
- Avanzar na utilización do encerado dixital, por parte do profesorado, para a exposición de certos contidos.
- Avanzar na utilización da presentación PowerPoint (ou outra similar), por parte do profesorado, para que o alumnado poda entender mellor as súas explicacións.
- Propoñerlle ao alumnado do segundo ciclo un traballo en grupo ao longo do curso que deberán deseñar a través de PowerPoint (ou outro programa similar), relacionado coa recollida de datos e o seu tratamento estatístico.

Por outra banda irá, pouco a pouco subindo materiais á aula virtual do centro na web do instituto.

7. OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Normativa

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, trata no seu artigo 4º dos elementos transversais, é dicir, de elementos que se deben traballar en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. O mesmo artigo cita nos seus apartados exemplos de elementos transversais, ente ros que consideraremos os relacionados coa violencia, a igualdade entre os sexos, a educación para a saúde, a educación cívica e moral, a educación para o consumo, a educación ambiental, a educación viaria, o sentido crítico e o acoso escolar. ". Finalmente, e en relación coas programacións didácticas, o citado artigo no segundo parágrafo do seu apartado 2 dispón o seguinte: "a programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico".

Por outra parte, a Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no apartado 3m do seu artigo 13º que as programacións didácticas deben incluír unha "concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda".

Ó igual que as outras áreas, a área de Matemáticas debe potenciar a ensinanza dos temas transversais en todos os grupos e niveis.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán na área de matemáticas

A igualdade entre os sexos, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico, e a educación para a paz introducirase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas por outras persoas, independentemente do seu sexo, raza, nacionalidade, grao de discapacidade (se é o caso), condición sexual, crenza relixiosa, etc. Á vez, este tipo de actividades versarán sobre aplicacións matemáticas en contextos relacionados cos elementos transversais

que se queren traballar. Así mesmo, o profesor ou profesora de Matemáticas deberá de ser a primeira persoa en dar exemplo, empregando diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta, non discriminatoria e non irrespectuosa co alumnado e coidando de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles de tipo sexista ou tolerantes coa violencia.

A **educación para a saúde** farase a través do emprego, na resolución de exercicios e problemas, de contextos que se refiran a situacións de coidado da saúde e prevención de enfermidades que están presentes diariamente nos medios de comunicación. Neste sentido, convén incidir nos temas de representacións gráficas na correlación entre o consumo diario de tabaco e o cancro do pulmón e na incidencia dos malos hábitos de saúde (falta de exercicio físico, estrés, consumo de alcohol,...) nas enfermidades cardiovasculares.

A **educación cívica e moral** realizarase coa potenciación do traballo cooperativo e, coa responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas.

A **educación para o consumo** farase desenvolvendo o espírito crítico ante as informacións expresadas mediante linguaxes numéricas, gráficas e estatísticas, como os que nos poden ofrecer situación relacionadas coas rebaixas, o IVE ou as etiquetas dos produtos de alimentación e outros produtos de consumo.

A **educación ambiental** desenvolverase, por exemplo, ante informacións de tipo estatístico e a interpretación de gráficas e táboas de datos como as relacionadas coa contaminación ambiental, a deforestación e a superpoboación mundial.

A **educación viaria** é importante introducila nos cursos inferiores como elemento motivador, aproveitando a afección dalgúns alumnos e alumnas aos coches e as motos. O seu obxecto é incrementar a reflexión e a conciencia crítica ante determinados comportamentos cos vehículos. Neste aspecto, os exercicios espazo-tempo, os exercicios de planos de estradas a escala e as estatísticas de accidentes e as súas causas conforman un bo referente.

O valor do **sentido crítico** debe ser fortalecido con enunciados de exercicios que poñan de manifesto a utilización sesgada e manipulada da información nos medios escritos e audiovisuais.

A prevención do **acoso escolar** debe ser tratada na aula aproveitando as críticas ou despregos que podan xurdir por parte dos compañeiros e compañeiras ás preguntas, respostas ou comentarios dalgún alumno ou alumna. Neste sentido, cabe dicir que a avaliación continua e, en concreto, o análise da conduta e estado anímico do alumnado por parte do profesorado é unha boa medida preventiva desta problemática,

8. A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. ASPECTOS XERAIS

Aspectos a ter en consideración

Finalidade da educación secundaria obrigatoria

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, di no seu artigo 9º que a finalidade da educación secundaria obrigatoria é: “lograr que os alumnos e as alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; prepararlos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.”

Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Metodoloxía didáctica

Estará baseada nos **principios metodolóxicos** que enumera, no seu artigo 11º, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño. Son os seguintes:

1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.
4. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.
5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.
6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.
7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.
8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.
10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

En consonancia co anterior, estas son as liñas mestres da metodoloxía didáctica proposta polo departamento de Matemáticas para o presente curso académico:

- Tratarase de propiciar unha metodoloxía na que as matemáticas se insiran na realidade da que o alumnado participa para unha mellor comprensión dos problemas planteados, pero sempre sen perder de vista os obxectivos da etapa. Para iso, partirase de situacións concretas e pouco a pouco intentarase achegar á abstracción.
- Partindo de situacións concretas, como se dicía no parágrafo anterior, intentarase posteriormente que o alumnado aplique o aprendido noutras situacións ou contextos, considerando esta como a verdadeira utilidade das matemáticas.
- Neste proceso de aprendizaxe, promoverase que o alumnado sexa capaz de valorar os resultados obtidos na resolución de exercicios e problemas, e sexa crítico cos mesmos, interpretando se a solución é coherente co enunciado ou non e valorando o posible erro obtido ou cometido.
- Procurarase combinar a planificación de exercicios e problemas.
- Combinar o traballo individual co traballo en grupo para que, deste xeito, o alumnado aprenda a transmitir a información que el mesmo xera utilizando a linguaxe matemática e os procedementos que el mesmo seguiu para atopar a solución dos problemas ou exercicios.
- O uso das novas tecnoloxías da información, ademais de favorecer, simplificar e clarificar a transmisión de información servirá de estímulo á hora de que o alumnado se enfrente ante un problema de carácter matemático. Fomentarase o uso das TIC e combinarase o seu uso cos tradicionais, así como calquera outro que facilite o traballo do alumnado.
- Potenciarase o traballo de investigación e de coñecemento da historia da matemática así como de diversos matemáticos importantes polos traballos desenvolvidos, no ámbito das matemáticas, ao longo da súa vida.

9. A PROGRAMACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Materiais e recursos didácticos

Á parte dos libros de texto, que máis adiante se indicarán, no desenvolvemento dos contidos e das actividades previstas nesta programación didáctica empregárase materiais e recursos didácticos diversos, entre os cales cabe citar aquí os seguintes:

- Calculadoras de tipo científico e gráficas.
- Encerados dixitais e canóns na maioría das aulas.
- Programas de software libre con versións de avaliación (Geogebra, Maxima, .Derive..).
- Planos e mapas.
- Sólidos xeométricos.
- Internet.

A avaliación

Características da avaliación

De acordo co disposto polo artigo 21º do Decreto 86/1015, do 25 de xuño, as características fundamentais da avaliación na educación secundaria obrigatoria serán as seguintes:

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do referido decreto.
2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
4. A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.
6. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.
7. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.
8. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción.
9. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do alumno ou da alumna, coordinado polo titor ou a titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste, no marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación.

Pola súa banda, a Orde do 21 de decembro do 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria, complementando o establecido no Decreto anteriormente citado, dispón que o profesorado de cada grupo da ESO realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de atención que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Tamén dispón a mesma Orde que, ao longo do curso, realízanse para cada grupo, polo menos, tres sesións de avaliación (podendo coincidir a última coa final ordinaria

do mes de xuño) e que nos primeiros días de setembro terá lugar unha sesión de avaliación, tras a realización das probas extraordinarias, para o alumnado que non superase todas as materias na avaliación final ordinaria.

Por último, cabe dicir que cada profesor e profesora do Departamento organizará plans de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que non acaden resultado positivo nalgunha avaliación. Eses plans, na maioría dos casos, consistirán na proposta de tarefas individuais e específicas (repetición de traballos, resolución de exercicios, ...) para a preparación dunha proba escrita de recuperación da avaliación con resultado negativo.

Grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliable

Evidentemente, o desexable sería que o alumnado dun determinado curso dominase perfectamente cada un dos estándares de aprendizaxe que forman parte do currículo da materia de Matemáticas nese nivel, o cal significaría que o alumnado é capaz de desenvolver completamente cada un dos estándares de aprendizaxe, independentemente da situación ou contexto no que teña que manexalo. Pero tamén é obvio, que non se pode esixir semellante grao de dominio de ditos estándares e que, nalgúns casos, incluso abonda con que alumnado sexa capaz de desenvolvelos de forma mecánica en situación moi sinxelas. **Procede logo fixar un grao mínimo esixible de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe en función do peso ou relevancia deste dentro da materia.** Pois ben, para ese fin, establécense **catro posibles graos mínimos esixibles para os estándares de aprendizaxe:**

- **100%: Desenvolvemento completo** do estándar de aprendizaxe, independentemente da situación.
- **75%: Desenvolvemento notable** do estándar de aprendizaxe, na maior parte das situacións.
- **50%: Desenvolvemento suficiente** do estándar de aprendizaxe, aplicado a situacións sinxelas.
- **25%: Pequeno desenvolvemento** do estándar, aplicado a situacións moi particulares e moi sinxelas.

Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia

Por unha parte, deben ser considerados como os “resultados de aprendizaxes imprescindibles” que debe adquirir o alumnado para alcanzar mínimamente os obxectivos ós que dan soporte os criterios de avaliación establecidos para o currículo desa materia. Neste senso, a non adquisición destas aprendizaxes debe supoñer unha gran dificultade para que nos cursos seguintes o alumnado poida continuar con certa normalidade o proceso de ensinanza-aprendizaxe na mesma disciplina ou noutras afíns. Pero, por outra parte, tamén deben ser considerados como aquelas actitudes sen as cales é imposible adquirir esas aprendizaxes imprescindibles e, en particular, un proceso e sistemática de avaliación continua. No seu conxunto, veñen a ser, polo tanto, as evidencias que marcan a fronteira entre aprobar ou suspender a materia.

A definición precisa e explícita dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia e o seguimento continuado por parte do profesorado da súa progresiva adquisición ou non adquisición ao longo do curso é fundamental polo tanto á hora de decidir se, ao final do curso, o alumnado supera ou non supera a materia; pero adquire tamén unha gran importancia á hora de deseñar medidas de apoio, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos ou alumnas que van avanzando no curso sen ter adquiridos os mínimos esixibles correspondentes á parte da materia que se leva desenvolvida.

Os referentes para a concreción dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva nunha materia serán, en boa medida, os graos mínimos de desenvolvemento establecidos para os estándares de aprendizaxe desa materia.

Procedemento e instrumentos de avaliación

O proceso de avaliación constará das tres fases que se indican a continuación. En cada unha delas, utilizaranse os instrumentos de avaliación que de seguido se formulan:

1. **Tres avaliacións**, para determinar en que medida se van alcanzando os obxectivos correspondentes a esa avaliación, en que medida se van acadando as competencias básicas e, en último caso, para decidir se o alumnado **supera ou non supera os mínimos esixibles dos estándares de aprendizaxe** correspondentes a esa avaliación e que logo se concretarán para cada curso.

A terceira avaliación coincidirá coa **avaliación final ordinaria en xuño** e medirá, ademáis, o nivel de consecución dos obxectivos inicialmente marcados e de desenvolvemento das competencias claves ao longo do curso. E todo iso despois de:

- Valorar a **observación directa do seu traballo diario, da súa participación na aula e da súa actitude**. Neste sentido, debemos ter en conta que unha parte moi importante da formación do alumnado é adquirir unhas pautas de comportamento persoal e colectivo que se teñen que ir implantando de forma progresiva na súa mentalidade, entendendo que a educación é tamén responsabilidade. Por este motivo o comportamento, o traballo diario e a actitude nas clases do alumnado ha de ser tomada en consideración á hora de cualificalo. Resumiremos este instrumento de avaliación denotándoo no sucesivo por **(OB)**.

- Valorar o **coidado por parte do alumnado do seu caderno de traballo**, o esforzo deste por ir anotando nel todo o que o profesor considere que deber ser recollido deste xeito e a realización das actividades propostas. No sucesivo, denotaremos este instrumento de avaliación por **(CD)**.
- Valorar os resultados dos **traballos individualizados (TI) e en grupo (TG)** propostos de forma periódica. Unha boa maneira de conseguir a mellor formación posible é a de propoñer ós alumnos traballos, tanto individuais como por grupos, relativos aos contidos do programa. E non só polo que significa a recopilación e coñecemento dos temas, senón tamén pola súa exposición oral ante os seus compañeiros. Os traballos, unha vez corrixidos e comentados, son unha excelente fonte de coñecementos.
- Valorar os resultados das **probos escritas (PE) e orais (PO)** anunciadas con antelación sobre unha ou máis unidades didácticas. O número de probas escritas por avaliación será de dúas, como mínimo, e de carácter acumulativo. No caso de dúas, a cualificación debida ás probas escritas deberá ponderarse con 1/3 para a primeira e de 2/3 para a segunda. As probas orais versarán, habitualmente, sobre a unidade que se está impartindo nese momento ou se acaba de impartir. Para poder dispoñer destas anotacións sin perder demasiado tempo, xa que se trata de grupos bastante numerosos, poderán ser substituídas por proba escrita cunha duración aproximada de unhas 15 minutos. Enténdese que se supera unha proba escrita se a súa cualificación non é inferior a 5 puntos sobre 10.

2. **Unha avaliación final ordinaria no mes de xuño** que medirá o nivel de consecución dos obxectivos inicialmente marcados e de desenvolvemento das competencias clave ó longo do curso.

No noso centro a avaliación ordinaria de xuño coincide coa 3ª avaliación, polo que a cualificación da terceira avaliación desta materia non é a da avaliación ordinaria, que se calcula como se verá no seguinte apartado. A cualificación da 3ª avaliación queda nas anotacións do profesor e non vai a xunta de avaliación.

3. **Unha avaliación extraordinaria en setembro**, por medio dunha proba escrita, para o alumnado que non superase a materia na avaliación final ordinaria de xuño.

De todas maneiras, **cada profesor terá liberdade para considerar outros instrumentos de avaliación e para prescindir dalgún dos indicados anteriormente** se, en función das características dalgún grupo, así o considera oportuno.

Cualificación e promoción

Como cuestión previa, debe sinalarse que para este departamento a superación dunha avaliación non supón a superación das anteriores.

En xeral, este Departamento propón o seguinte procedemento cualificador:

- A valoración dos instrumentos de avaliación (**OB**), (**CD**), (**TI**), (**TG**) e (**PO**) ó longo dunha determinada avaliación supoñerán, conxuntamente, **o 10% da cualificación** desa avaliación; mentres que os resultados obtidos nas distintas probas (**PE**) supoñerán, conxuntamente, **o 90% restante da cualificación**.
- Ó longo do propio curso, o alumnado terá a posibilidade de ir **recuperando aquelas avaliacións parciais (1ª e 2ª)** nas que non acadou os obxectivos establecidos. Unha vez coñecidos os resultados destas recuperacións estableceranse as cualificacións definitivas de cada avaliación parcial. Entenderase que a terceira avaliación (da que os país non reciben notificación a través de boletín) terá a mesma consideración que a 1ª e a 2ª, pero no caso en que sea necesaria a súa recuperación (para o cálculo da media que figura no seguinte punto), dita recuperación rexirase polo que se dí no apartado seguinte.
- Para o cálculo da cualificación final dos alumnos teranse en conta o seguinte:
 - . Se o alumno ten as tres avaliacións superadas ou ten dúas superadas e na restante unha cualificación non inferior a 3, a súa cualificación final será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións e superará a materia na convocatoria de xuño se dita media é non inferior a 5 puntos (se a media é inferior a 5 puntos, o cálculo da cualificación final obterase como se indica no seguinte párrafo).
 - . Nos restantes casos, o alumno terá dereito a unha proba final sobre a parte (ou partes) da materia correspondente ás avaliacións non superadas (no caso de seren varias, con corrección independente). Neste caso, a cualificación final será a media aritmética das cualificacións das avaliacións superadas, se é o caso, e das cualificacións da parte ou partes desta proba final; sempre que non sexan inferiores a 3 puntos. Se esta media é non inferior a 5 puntos e, alomenos dúas das tres cualificacións son iguais ou maiores de 5 puntos, o alumno superará a materia na convocatoria de xuño.
 - . Nos casos en que non puido ser calculada a media que aparece nos párrafos precedentes, estimarase a cualificación final do alumno a través da media aritmética; pero no caso en que esta fose non inferior a 5 puntos, o alumno levará como cualificación final 4 puntos como máximo.
- De cara a aqueles alumnos e alumnas que non alcanzaron o aprobado en xuño, o Departamento organizará unha **proba escrita extraordinaria en setembro (a mesma para tódolos grupos dun mesmo curso)**. No caso de 2º curso de bacharelato esta proba será realizada no mes de xuño.

Observación 1: Dado que o alumno que supera una avaliación non realiza a proba de recuperación, a cualificación dos alumnos que realizan esta proba, e a superan, non poderá ser superior a 5 puntos.

Observación 2: Se se detecta que un alumno utiliza medios non reglamentarios para contestar a unha proba escrita calquera, levará a cualificación de 0 puntos (sobre 10) en dita proba.

10. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS 1º ESO

Libro de texto

Título: **MATEMÁTICAS ESO 1**

Autores: J. Colera Jiménez e outros

Editorial: ANAYA

ISBN: 978-84-678-5073-4

Unidades didácticas: secuencia e temporalización

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que logo veremos, serán distribuídos en unidades didácticas. A continuación, indícase cales son esas unidades, así como a súa secuenciación e temporalización aproximada, advertindo que, tanto a secuenciación como a temporalización, poderán ser alteradas se o profesor ou profesora, logo de avaliar as características do alumnado e o seu coñecemento previo da materia, o considera oportuno.

TRIMESTRE	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRO	2. NÚMEROS E ÁLXEBRA	Unidade 1: Números naturais.	8 sesións
		Unidade 2: Potencias e raíces	8 sesións
		Unidade 3: Divisibilidade	10 sesións
		Unidade 4: Os números enteiros	20 sesións
		Unidade 5: Os números decimais	10 sesións
		Unidade 6: O sistema métrico decimal	4 sesións
		Unidade 7: As fraccións	10 sesións
	2. NÚMEROS E ÁLXEBRA	Unidade 8: Operacións con fraccións	10 sesións
SEGUNDO		Unidade 9: Magnitudes proporcionais. Porcentaxes	10 sesións
		Unidade 10: Introducción á álgebra. Ecuacións	20 sesións
	3. XEOMETRÍA	Unidade 11: Rectas e ángulos	10 sesións
TERCEIRO	3. XEOMETRÍA	Unidade 12: Figuras xeométricas	20 sesións
		Unidade 13: Áreas e perímetros. Volúmenes	20 sesións
	4. FUNCÍONS	Unidade 14: Funcións, táboas e gráficas	10 sesións
	5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	Unidade 15: Estatística Probabilidade	10 sesións

Concreción dos elementos curriculares

Na táboa que figura a continuación deste parágrafo, e respectando o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllense os seguintes elementos do currículo da materia de Matemáticas 1º ESO:

- Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis, relacionados entre si e relacionados tamén co logro dos obxectivos xerais.
- O grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliábel.
- A distribución dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe nas respectivas unidades didácticas da materia.
- O perfil de cada competencia clave na materia.
- E, a modo orientador, os instrumentos a empregar para avaliar cada estándar de aprendizaxe

Matemáticas. 1º de ESO													
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades	
						PE	PO	OB	CD	TI	TG		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<p>postos en práctica: uso da lingua apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<p>cións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.</p>	<p>laridades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	50%		X	X					Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	50%		X	X					Todas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<p>MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	50%			X					Todas
			<p>MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	50%			X					Todas

▪ b ▪ f	▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas esco-	▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e	▪ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das	▪ CCL ▪ CMCCT	50%	X	X	X	X	X	X	Todas
------------	---	---	--	------------------	-----	---	---	---	---	---	---	-------

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
▪ h	lares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	conclusións obtidas nos procesos de investigación.	conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).									
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g	▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	▪ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	▪ CMCCT ▪ CSC	75%			X		X	X	Todas
			▪ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	▪ CMCCT ▪ CSIEE	50%			X		X	X	Todas
			▪ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	▪ CMCCT	25%	X	X	X	X	X	X	Todas
			▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	▪ CMCCT	50%			X		X	X	Todas

			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	25%			X		X	X	Todas
--	--	--	--	---	-----	--	--	---	--	---	---	-------

Matemáticas. 1º de ESO													
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades	
						PE	PO	OB	CD	TI	TG		
<ul style="list-style-type: none"> b e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC 	50%		X	X			X	Todas	
<ul style="list-style-type: none"> a b c d e f g l m n ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC 	75%			X	X			Todas	
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	50%			X		X			Todas
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	75%			X					

			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CCEC 	50%			X					Todas
			<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC 	75%			X					Todas
▪ b	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situa- 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de pro- 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	25%		X	X		X	X		Todas

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
▪ g	des axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	cións descoñecidas.	blemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA 	50%		X	X				Todas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos 	<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD 	25%	X		X		X		Todas

<p>numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e com- 	<p>analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	25%			X		X		Unidade 14
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	25%			X		X		Unidade 14
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	25%			X		X		Unidade 11 Unidade 12

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
	partición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.		para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.									Unidade 13
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	25%			X		X	X	Unidade 15
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL 	50%			X		X	X	Todas

<ul style="list-style-type: none"> - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 	compartíndoos en ámbitos apro-	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	25%			X		X	X	Todas
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA 	50%			X		X	X	Todas
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE 	50%			X		X	X	Todas
Bloque 2. Números e álgebra											

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais. ▪ B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora. ▪ B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións. ▪ B2.4. Números decimais: repre- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	100%	X	X	X				Unidades 1 a 8
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	100%	X		X				Unidades 1 a 8

	<p>sentación, ordenación e operacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións. ▪ B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións. ▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas. ▪ B2.8. Xerarquía das operacións. ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos. 	CMCCT	50%	X		X					Todas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade. ▪ B2.11. Números primos e compos- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións ele- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisi- 	CMCCT	75%		X	X					Unidades 1 a 4

Matemáticas. 1º de ESO													
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades	
						PE	PO	OB	CD	TI	TG		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<p>tos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais. 	<p>mentais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.</p>	<p>bilidade e operacións elementais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégao en exercicios, actividades e problemas contextualizados. 	CMCCT	100%	X		X					Unidade 3

			<ul style="list-style-type: none"> MAB2.2.8. Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes. 	CMCCT	100%	X		X				Unidade 5
<ul style="list-style-type: none"> e f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Xerarquía das operacións. B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións. 	CMCCT	100%	X	X	X		X		Unidades 1 a 8
<ul style="list-style-type: none"> e f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema. 	CMCCT	75%		X	X				Unidades 1 a 8
			<ul style="list-style-type: none"> MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa. 	CMCCT	75%	X	X	X	X			Unidades 1 a 8
<ul style="list-style-type: none"> e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.15. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións por- 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporciona- 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de con- 	CMCCT	100%	X		X				Unidade 9

Matemáticas. 1º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	

	blemas.	todos alxébricos ou gráficos, e contrastar os resultados obtidos.	te unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro grao, resólvea e interpreta o resultado obtido.											
Bloque 3. Xeometría														
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade. ▪ B3.2. Ángulos e as súas relacións. ▪ B3.3. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades. ▪ B3.4. Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais. ▪ B3.5. Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.1.1. Recoñece e describe as propiedades características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías, etc.). 	CMCCT	100%	X	X	X						Unidades 11-12
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.1.2. Define os elementos característicos dos triángulos, trazando estes e coñecendo a propiedade común a cada un deles, e clasifícaos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos. 	CMCCT	100%	X	X	X					Unidades 11-12	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.1.3. Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais. 	CMCCT	100%	X	X	X					Unidades 11-12	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.1.4. Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo. 	CMCCT	100%	X	X	X					Unidades 11-12	

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Medida e cálculo de ángulos de figuras planas. ▪ B3.7. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples. ▪ B3.8. Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática axeitada, e expresar o procedemento seguido na resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.2.1. Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas. 	CMCCT	50%	X		X		X		Unidades 11 a 13
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.2.2. Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplicaas para resolver problemas xeométricos. 	CMCCT	100%	X		X				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.3.1. Analiza e identifica as características de corpos xeométricos, utilizando a linguaxe xeométrica axeitada. 	CMCCT	75%		X	X				Unidades 11 a 13
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.3.2. Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados. 	CMCCT	50%		X	X				Unidades 11 a 13
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.3.3. Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente. 	CMCCT	100%	X		X				Unidades 11 a 13
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico. ▪ B3.11. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.4.1. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica adecuadas. 	CMCCT	75%	X		X				Unidades 11 a 13

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
	cas.											
Bloque 4. Funcións												
▪ f	▪ B4.1. Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.	▪ B4.1. Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas.	▪ MAB4.1.1. Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas.	▪ CMCCT	100%	X	X	X				Unidade 14
▪ f	▪ B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).	▪ B4.2. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación, pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto).	▪ MAB4.2.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto.	▪ CMCCT	75%	X	X	X				Unidade 14
▪ f	▪ B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).	▪ B4.3. Comprender o concepto de función.	▪ MAB4.3.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.	▪ CMCCT	100%	X		X				Unidade 14
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h	▪ B4.3. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta. ▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.	▪ B4.4. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas.	▪ MAB4.4.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.	▪ CMCCT	100%	X	X	X				Unidade 14
			▪ MAB4.4.2. Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.	▪ CMCCT	100%	X		X				Unidade 14
			▪ MAB4.4.3. Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa.	▪ CMCCT	75%	X		X				Unidade 14
			▪ MAB4.4.4. Estuda situacións reais	▪ CMCCT	75%			X		X	X	

Matemáticas. 1º de ESO													
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades	
						PE	PO	OB	CD	TI	TG		
			sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afin) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento.										
Bloque 5. Estatística e probabilidade													
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas. ▪ B5.2. Variables cualitativas e cuantitativas. ▪ B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. ▪ B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. ▪ B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias. ▪ B5.6. Medidas de tendencia central. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para responderlas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.1.1. Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostrase empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos concretos. 	CMCCT	100%	X	X	X				Unidade 15	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.1.2. Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas. 	CMCCT	75%	X	X	X					Unidade 15
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.1.3. Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente. 	CMCCT	75%	X		X		X			Unidade 15
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.1.4. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégaos para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis 	CMCCT	100%	X		X		X			Unidade 15

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
			axeitado, e para resolver problemas.									Unidade 15
			<ul style="list-style-type: none"> MAB5.1.5. Interpreta gráficos estadísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá. 	CMCCT	50%			X				Unidade 15
<ul style="list-style-type: none"> e f h 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias. B5.6. Medidas de tendencia central. B5.7. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estadísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB5.2.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estadísticos e calcular as medidas de tendencia central. MAB5.2.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada. 	CMCCT	50%			X		X		Unidade 15
				CMCCT	50%			X		X		Unidade 15
<ul style="list-style-type: none"> e f h 	<ul style="list-style-type: none"> B5.8. Fenómenos deterministas e aleatorios. B5.9. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación. B5.10. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB5.3.1. Identifica os experimentos aleatorios e distínguelos dos deterministas. MAB5.3.2. Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación. MAB5.3.3. Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación. 	CMCCT	100%	X	X	X				Unidade 15
				CMCCT	100%			X		X		Unidade 15
				CMCCT	50%	X	X	X				Unidade 15

Matemáticas. 1º de ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.11. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables. ▪ B5.12. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos. ▪ B5.13. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.4.1. Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos. 	CMCCT	100%	X	X	X				Unidade 15
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.4.2. Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables. 	CMCCT	100%	X		X				Unidade 15
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.4.3. Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe. 	CMCCT	100%	X		X				Unidade 15

Tamaño do perfil de cada competencia clave na materia

MATEMÁTICAS 1º DE ESO		
Competencia	Tamaño absoluto	Tamaño relativo
Comunicación lingüística (CCL)	4	3
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	77	30
Competencia dixital (CD)	4	2
Aprender a aprender (CAA)	6	6
Competencias sociais e cívicas (CSC)	5	4
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	5	3
Conciencia e expresión culturais (CEC)	2	2
TAMAÑO RELATIVO CONXUNTO		50

Perfís competenciais na materia e peso competencial da mesma

CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
1.18%	52,03%	4,26%	3.64%	4.72%	11.11%	2.06%

Aspectos máis relevantes da maneira de contribuir a materia á consecución das competencias

MATEMÁTICAS DE 1º DE ESO	
Competencia en comunicación Lingüística (CCL)	<p>Co rigor que esixe esta materia á hora de definir os conceptos.</p> <p>Coa expresión oral e escrita dos procesos e razoamentos realizados na resolución dos exercicios e dos problemas.</p> <p>Coa lectura comprensiva dos enunciados dos problemas.</p> <p>Co uso dunha terminoloxía moi específica, cun marcado carácter simbólico e abstracto.</p> <p>Coas accións de contribución ao Proxecto Lector.</p>
Competencia matemáticas e Competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCCT)	<p>Coa adquisición de novos coñecementos, destrezas e actitudes propios do razoamento matemático.</p> <p>Coa comprensión de argumentos matemáticos algo máis complexos que os empregados na ensinanza primaria.</p> <p>Coa utilización dun rigor cada vez máis progresivo na linguaxe matemática.</p> <p>Coa resolución de problemas da vida cotiá que requiren novas estratexias.</p> <p>Co progreso no cálculo e na utilización axeitada das operacións con números enteiros e fraccionarios</p>
Competencia dixital (CD)	<p>Coa incorporación das ferramentas tecnolóxicas ao proceso educativo como recuso didáctico.</p> <p>Co proceso de procura, análise e selección de información para a elaboración de documentos dixitais.</p> <p>Coas accións de contribución ao plan TIC do centro.</p>
Competencia de aprender a aprender (CAA)	<p>Coa progresiva adquisición de hábitos de autonomía, perseveranza, sistematización e reflexión na resolución de problemas e no achado das súas solucións, sobre todo no relacionados coa vida cotiá.</p> <p>Co traballo dalgúns elementos transversais, especialmente o do sentido crítico.</p>
Competencias socia e cívica (CSC)	<p>Coa utilización de estratexias matemáticas na predición de fenómenos sociais e na toma de decisións.</p> <p>Co traballo dos elementos transversais.</p>
Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	<p>Coa resolución de problemas que fomenten habilidades intelectuais baseadas no pensamento crítico e científico e no rexeita mento de dogmas e prexuízos alleos á ciencia.</p> <p>Coa proposta de problemas cuxas solucións requiran enfoques iniciais diferentes aos habituais e modificacións progresivas nas estratexias que conducen á solución ou solucións dos mesmos.</p>
Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)	<p>Coa presentación das formas xeométricas como elementos de expresión artística e cultural.</p> <p>Co fomento de actitudes de curiosidade e indagación no alumnado, tanto na resolución de problemas como no estudo dos conceptos como na biografía de matemáticos cuxos nomes van aparecendo ao desenvolver a materia (por exemplo, Eratóstenes).</p>

De todos os aspectos enunciados na táboa anterior, o da adquisición de novos coñecementos, destrezas e actitudes propios do razoamento matemático xunto co progreso no cálculo e na utilización axeitada das operacións con números enteiros e fraccionarios constitúen o eixo central ou prioritario da programación didáctica na materia, tanto a nivel de ensino-aprendizaxe como de enfoque metodolóxico.

Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia

Mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva nas matemáticas de 1º de ESO	
		medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).										
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico. ▪ B5.8. Gráficas estadísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). Detección de falacias. ▪ B5.9. Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización. ▪ B5.10. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. ▪ B5.11. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación. ▪ B5.12. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estadísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estadísticos, así como os parámetros estadísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.2. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estadísticas, para extraer informacións e elaborar conclusións. 	CMCCT	50%			X	X	X		Unidade 9
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.3. Calcula e interpreta os parámetros estadísticos dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador). 	CMCCT	100%	X		X	X	X		Unidade 9
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.4. Selecciona unha mostra aleatoria e valora a representatividade de mostras pequenas. 	CMCCT	50%			X				Unidade 9
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.5. Representa diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables. 	CMCCT	100%	X		X	X	X		Unidade 10

Tamaño do perfil de cada competencia clave na materia

MATEMÁTICAS (E. ACADÉMICAS) 4º DE ESO		
Competencia	Tamaño absoluto	Tamaño relativo
Comunicación lingüística (CCL)	5	4
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	73	23
Competencia dixital (CD)	6	4
Aprender a aprender (CAA)	6	6
Competencias sociais e cívicas (CSC)	5	4
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	6	4
Conciencia e expresión culturais (CEC)	2	1
TAMAÑO RELATIVO CONXUNTO		46

PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA

CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
1.43%	31.6%	6.82%	2.71%	2.1%	9.84%	2.02%

Aspectos máis relevantes da maneira de contribuir a materia á consecución das competencias

MATEMÁTICAS (E. ACADÉMICAS) DE 4º DE ESO	
Competencia en comunicación Lingüística (CCL)	<p>Co rigor que esixe esta materia á hora de definir os conceptos.</p> <p>Coa expresión oral e escrita dos procesos e razoamentos realizados na resolución dos exercicios e dos problemas.</p> <p>Coa lectura comprensiva dos enunciados dos problemas.</p> <p>Co uso dunha terminoloxía moi específica, cun marcado carácter simbólico e abstracto.</p> <p>Coas accións de contribución ao Proxecto Lector.</p>
Competencia matemáticas e Competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCCT)	<p>Coa progresiva adquisición de novos coñecementos (logaritmos, Trigonometría,..)</p> <p>Co avance no emprego de argumentos, destrezas e habilidades propias do pensamento matemático.</p> <p>Coa utilización dun rigor cada vez máis progresivo na linguaxe matemática.</p> <p>Coa resolución de problemas da vida cotiá que requiren novas estratexias.</p> <p>Co afianzamento na Álgebra, ao resolver ecuacións de grao superior, ecuacións exponenciais e ecuación logartímic.</p> <p>Cunha maior aplicación dos conceptos desenvolvidos á Física.</p>
Competencia dixital (CD)	<p>Co emprego das ferramentas tecnolóxicas no proceso educativo como recuso didáctico.</p> <p>Coa utilización, practicamente a diario, da calculadora.</p> <p>Co proceso de procura, análise e selección de información para a elaboración de documentos dixitais.</p> <p>Coas accións de contribución ao plan TIC do centro.</p>
Competencia de aprender a aprender (CAA)	<p>Coa progresiva adquisición de hábitos de autonomía, perseveranza, sistematización e reflexión na resolución de problemas e no achado das súas solucións, sobre todo no relacionados coa vida cotiá.</p> <p>Co traballo dalgúns elementos transversais, especialmente o do sentido crítico.</p>
Competen. soc. e cív. (CSC)	<p>Coa utilización de estratexias matemáticas na predición de fenómenos sociais e na toma de decisións.</p> <p>Co traballo dos elementos transversais.</p>
Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	<p>Coa resolución de problemas que fomenten habilidades intelectuais baseadas no pensamento crítico e científico e no rexeitamento de dogmas e prexuízos alleos á ciencia.</p> <p>Coa proposta de problemas cuxas solucións requiran enfoques iniciais diferentes aos habituais e modificacións progresivas nas estratexias que conducen á solución ou solucións dos mesmos.</p>
Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)	<p>Coa presentación das formas xeométricas como elementos de expresión artística e cultural.</p> <p>Co fomento de actitudes de curiosidade e indagación no alumnado, tanto na resolución de problemas como no estudo dos conceptos como na biografía de matemáticos cuxos nomes van aparecendo ao desenvolver a materia (Euler, Neper, ...).</p>

De todos os aspectos enunciados na táboa anterior, o da progresiva adquisición de novos coñecementos (logaritmos, Trigonometría,..) xunto co afianzamento na Álgebra ao resolver ecuacións de grao superior, ecuacións exponenciais e ecuacións logarítmicas, constitúen o eixo central ou prioritario da programación didáctica na materia, tanto a nivel de ensino-aprendizaxe como de enfoque metodolóxico.

Concreción dos mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva na materia

Mínimos esixibles para alcanzar unha avaliación positiva nas matemáticas (E. Académicas) de 4º de ESO	
ME.1 Acredita unha actitude suficientemente positiva de cara a materia	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tense presentado a todas as probas escritas preceptivas realizadas ao longo do curso, agás as que, por mor de causa maior (accidente, enfermidade grave,..) ou por incorporación tardía, tivo xustificación para non facelo. 2. Ten participado, se foi o caso, nos programas de apoio, reforzo, recuperación, que se lle aplicaron.
ME.2 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Números e Álgebra	<ol style="list-style-type: none"> 1. Simplifica e compara expresións radicais, potenciais e logarítmicas. 2. Simplifica expresións alxébricas formadas por sumas, restas e multiplicacións de polinomios e fraccións alxébricas. 3. Resolve ecuacións e sistemas de primeiro e segundo grao. 4. Resolve ecuacións exponenciais e logarítmicas sinxelas a partir da definición de logaritmo. 5. Coñece e aplica o teorema do resto. 6. Factoriza polinomios e obtén as súas raíces. 7. Resolve inecuacións de primeiro grao. 8. Resolve problemas sinxelos usando fórmulas coñecidas ou presentando ecuacións/sistemas de primeiro ou de segundo grao.
ME.3 Acredita un nivel suficiente aprendizaxe no bloque de Xeometría	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñece e utiliza os teoremas do cateto, da altura e de Pitágoras. 2. Acha as razóns trigonométricas dun triángulo rectángulo. 3. Utiliza as relacións fundamentais para calcular as razóns trigonométricas, coñecida unha delas. 4. Resolve un triángulo rectángulo. 5. Resolve problemas trigonométricos de contexto real utilizando as relacións e as razóns da trigonometría elemental.

	<p>6. Resolve operacións sinxelas con vectores libres: módulo, suma, resta e produto por un número real.</p> <p>7. Expressa a mesma recta coas ecuacións vectorial, punto-pendente, xeral e explícita.</p> <p>8. Distingue casos de paralelismo e perpendicularidade entre rectas.</p>
<p>ME.4 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Funcións</p>	<p>1. Acha o dominio e o percorrido dunha función.</p> <p>2. Elabora táboas de valores para representar variadas funcións.</p> <p>3. Acha os puntos de corte dunha función cos eixes.</p> <p>4. Calcula a taxa de variación dunha función nun intervalo.</p> <p>5. Acha a expresión analítica dunha función lineal e represéntaa.</p> <p>6. Representa graficamente funcións cuadráticas e radicais identificando curvatura e vértice.</p> <p>7. Representa graficamente funcións de proporcionalidade inversa, exponenciais e logarítmicas identificando dominio, percorrido e asíntotas.</p> <p>8. Identifica continuidade- discontinuidade, crecemento – decrecemento, simetría–non simetría, máximos e mínimos partindo da súa gráfica.</p>
<p>ME.5 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Estatística e Probabilidade</p>	<p>1. Confecciona táboas de frecuencias con datos illados ou agrupados.</p> <p>2. Obtén e interpreta os parámetros estatísticos de centralización e de dispersión manualmente.</p> <p>3. Recolle datos, constrúe unha táboa de valores e debuxa unha nube de puntos.</p> <p>4. Estudia se a dependencia é funcional ou aleatoria.</p> <p>5. Asigna a cada diagrama o seu coeficiente de correlación.</p> <p>6. Determina o espacio mostral e os sucesos asociados a un experimento aleatorio, simple ou composto.</p> <p>7. Asigna probabilidades a sucesos aplicando a regra de Laplace.</p> <p>8. Representa diagramas de árbore para facer recontos e calcular probabilidades.</p>

14. A PROGRAMACIÓN NO BACHARELATO. ASPECTOS XERAIS

Aspectos a ter en consideración

Finalidade do Bacharelato

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, di no seu artigo 25º que “o bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior”.

Obxectivos xerais do Bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- ñ) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Metodoloxía didáctica

Estará baseada nos **principios metodolóxicos** recollidos no artigo 27º do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que son os seguintes:

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán

favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido-
3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

En resumo, estas son as liñas mestras da metodoloxía didáctica a empregar:

1. Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.

- Deberanse graduar con coidado os planos de abstracción. A formulación abstracta é o obxectivo a conseguir despois da práctica de situacións concretas.
- Procurarase presentar os conceptos a partir de problemas introdutorios que ilustren, desde o concreto, a necesidade da súa definición. Consecuentemente, fuxiremos da definición axiomática e formal sen comentarios xustificativos.
- Fomentarse a utilización de razoamentos antes que o emprego de fórmulas aprendidas de memoria que non se saiban xustificar. Así por exemplo, non se debería utilizar a fórmula de resolución dunha ecuación de segundo grao se antes non aprenderon a despegalas polo método de completar cadrados. Dito de outra forma, deberíamos conseguir certa mestría nas solucións antes de automatizalas.
- Non se debería esquecer a orixe concreta da Matemática, nin os procesos históricos da súa evolución.

2. Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.

- Distinguímos entre exercicios e problemas. É necesario exercitar técnicas formais, desde logo, pero non se debe reducir a resolución de problemas a meros estereotipos nos que a receita prima sobre o razoamento. A verdadeira aprendizaxe maniféstase cando o alumnado é capaz de aplicar os conceptos ensinados en situacións diferentes dos modelos explicados.
- Promover en todo o posible a autocorrección.

3. Uso de materiais e procedementos de resolución variados.

- Non adoptar unha didáctica ríxida, senón adecuala na clase a cada tipo de alumno, observándoo constantemente.
- Procurar diversificar a oferta de contidos e métodos de traballo adaptados ás diferentes capacidades do alumnado, evitando esforzos inalcanzables para uns ou exercicios monótonos e repetitivos para os mais dotados, intentando que todo alumno teña éxitos que eviten o seu desalento.

4.-Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

- Para a preparación dos materiais de clase poderanse utilizar procesadores de texto.
- Para a elaboración de materiais didácticos: Follas de cálculo como Microsoft Excel, programas dinámicos de matemáticas como o GeoGebra e de cálculo simbólico como o Mathematica ou Maxima.
- Para o uso didáctico na transmisión de contidos na clase: Encerado, Presentacións con Power Point ou similares, programas dinámicos de matemáticas como el GeoGebra e de cálculo simbólico como o Mathematica ou Maxima.
- Para facilitar o traballo co alumnado: Páxina web do centro onde se lle dan instrución, cólganse materiais e posibilita canles de comunicación.

5. Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.

6. Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.

7. Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación.

8. Presentar a Matemática como unha unidade.

15. A PROGRAMACIÓN NO BACHARELATO

Materiais e recursos didácticos

No desenvolvemento dos contidos e das actividades previstas nesta programación didáctica empregáronse materiais e recursos didácticos diversos, entre os cales cabe citar aquí os seguintes:

- Calculadoras científica e gráficas.
- As aulas de bacharelato dispoñen de un ordenador e cañón.
- Programas informáticos (Geogebra, Maxima, Scratch...).
- Colección de transparencias e retroproyector.
- Planos e mapas.
- Sólidos xeométricos.
- Internet.

A avaliación

Características da avaliación

De acordo co disposto polo artigo 33º do Decreto 86/1015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as características fundamentais da avaliación no bacharelato serán as seguintes:

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do referido decreto.
2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.
4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.
5. A consellería con competencias en materia de educación garantizará o dereito dos alumnos e as alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos.
6. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumno ou a alumna lograron os obxectivos e alcanzaron o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do/da estudante, coa coordinación do/da titor/a, valorará a súa evolución no conxunto das materias.

Grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliable

Se ben o proceso de avaliación do alumnado en cada materia e curso/nivel ten como referente a valoración da evidencia conforme acada de forma suficiente, e mesmo idónea, cada un dos estándares de aprendizaxe avaliables que forman parte do currículo da materia de Matemáticas, independente mente da situación ou contexto no que teña que manexalo, faise necesario renunciar en determinadas situacións a semellante grao de desenvolvemento dalgúns estándares, en tanto que, nalgúns casos, incluso abonda con que alumnado sexa capaz de empregalos de forma mecánica en situacións moi sinxelas.

Coa finalidade de valorar cando o alumnado acada canto menos unha avaliación positiva nunha materia e curso/nivel, procede logo fixar graos mínimos de desenvolvemento para os estándares de aprendizaxe avaliábel en función da relevancia deste dentro da materia. Pois ben, ó respecto, establécense os seguintes graos mínimos:

100%: Desenvolvemento completo do estándar de aprendizaxe, independentemente da situación.

75%: Desenvolvemento notable do estándar de aprendizaxe, na maior parte das situacións.

50%: Desenvolvemento suficiente do estándar de aprendizaxe, aplicado a situacións sinxelas.

25%: Pequeno desenvolvemento do estándar, aplicado a situacións moi particulares e moi sinxelas.

Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva nunha materia

Por unha parte, deben ser considerados como os "**resultados de aprendizaxes imprescindibles**" que debe adquirir o alumnado para alcanzar mínimamente os obxectivos aos que dan soporte os criterios de avaliación establecidos para o currículo desa materia. Neste senso, a non adquisición destas aprendizaxes debe supoñer unha gran dificultade para que nos cursos seguintes o alumnado poida continuar con certa normalidade o proceso de ensinanza-aprendizaxe na mesma disciplina ou noutras afíns. Pero, por outra parte, tamén deben ser considerados como aquelas actitudes sen as cales é imposible adquirir esas aprendizaxes imprescindibles e, en particular, un proceso e sistemática de avaliación continua. No seu conxunto, veñen a ser, polo tanto, as evidencias que marcan a fronteira entre aprobar ou suspender a materia.

A definición precisa e explícita dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia e o seguimento continuado por parte do profesorado da súa progresiva adquisición ou non adquisición ao longo do curso é fundamental polo tanto á hora de decidir se, ao final do curso, o alumnado supera ou non supera a materia; pero adquire tamén unha gran importancia á hora de deseñar medidas de apoio, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos ou alumnas que van avanzando no curso sen ter adquiridos os mínimos esixibles correspondentes á parte da materia que se leva desenvolvida.

Os referentes para a concreción dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva nunha materia serán, en boa medida, os graos mínimo de desenvolvemento establecidos para os estándares de aprendizaxe desa materia.

Procedemento e instrumentos de avaliación

O proceso de avaliación constará das tres fases que se indican a continuación. En cada unha delas, utilizaranse os instrumentos de avaliación que, de seguido, se formulan:

1. **Tres avaliacións**, para determinar en que medida se van alcanzando os obxectivos correspondentes a esa avaliación, en que medida se van acadando as competencias básicas

e, en último caso, para decidir se o alumnado **supera ou non supera os mínimos esixibles dos estándares de aprendizaxe** correspondentes a esa avaliación e que logo se concretarán para cada curso.

A terceira avaliación coincidirá coa **avaliación final ordinaria en xuño** e medirá, ademais, o nivel de consecución dos obxectivos inicialmente marcados e de desenvolvemento das competencias claves ó longo do curso. E todo iso despois de:

- Valorar a **observación directa do seu traballo diario, da súa participación na aula e da súa actitude**. Neste sentido, debemos ter en conta que unha parte moi importante da formación do alumnado é adquirir unhas pautas de comportamento persoal e colectivo que se teñen que ir implantando de forma progresiva na súa mentalidade, entendendo que a educación é tamén responsabilidade. Por este motivo o comportamento, o traballo diario e a actitude nas clases do alumnado ha de ser tomada en consideración á hora de cualificalo. Resumiremos este instrumento de avaliación denotándoo no sucesivo por **(OB)**.
- Valorar o **coidado por parte do alumnado do seu caderno de traballo**, o esforzo deste por ir anotando nel todo o que o profesor considere que deber ser recollido deste xeito e a realización das actividades propostas. No sucesivo, denotaremos este instrumento de avaliación por **(CD)**.
- Valorar os resultados dos **traballos individualizados (TI) e en grupo (TG)** propostos de forma periódica. Unha boa maneira de conseguir a mellor formación posible é a de propoñer aos alumnos traballos, tanto individuais como por grupos, relativos aos contidos do programa. E non só polo que significa a recopilación e coñecemento dos temas, senón tamén pola súa exposición oral ante os seus compañeiros. Os traballos, unha vez corrixidos e comentados, son unha excelente fonte de coñecementos.
- Valorar os resultados das **probos escritas (PE) e orais (PO)** anunciadas con antelación sobre unha ou máis unidades didácticas. O número de probas escritas por avaliación será de dúas, como mínimo, e de carácter acumulativo. No caso de dúas, a cualificación debida ás probas escritas deberá ponderarse con 1/3 para a primeira e de 2/3 para a segunda. As probas orais versarán, habitualmente, sobre a unidade que se está impartindo nese momento ou se acaba de impartir. Para poder dispoñer destas anotacións sin perder demasiado tempo, xa que se trata de grupos bastante numerosos, poderán ser substituídas por proba escrita cunha duración aproximada de unhas 15 minutos. Enténdese que se supera unha proba escrita se a súa cualificación non é inferior a 5 puntos sobre 10.

2. **Unha avaliación final ordinaria no mes de xuño** que medirá o nivel de consecución dos obxectivos inicialmente marcados e de desenvolvemento das competencias clave ó longo do curso.

No noso centro a avaliación ordinaria de xuño coincide coa 3ª avaliación, polo que a cualificación da terceira avaliación desta materia non é a da avaliación ordinaria, que se calcula como se verá no seguinte apartado. A cualificación da 3ª avaliación queda nas anotacións do profesor e non vai á xunta de avaliación.

3. **Unha avaliación extraordinaria no mes de setembro (para 2º curso de bacharelato, no mes de xuño)**, por medio dunha proba escrita, para o alumnado que non superase

a materia na avaliación final ordinaria de xuño.

De todas maneiras, **cada profesor terá liberdade para considerar outros instrumentos de avaliación e para prescindir dalgún dos indicados anteriormente** se, en función das características dalgún grupo, así o considera oportuno.

Cualificación e promoción

Como cuestión previa, debe sinalarse que para este departamento a superación dunha avaliación non supón a superación das anteriores.

En xeral, este Departamento propón o seguinte procedemento cualificador:

- A valoración dos instrumentos de avaliación (**OB**), (**CD**), (**TI**), (**TG**) e (**PO**) ó longo dunha determinada avaliación supoñerán, conxuntamente, **o 10% da cualificación** desa avaliación; mentres que os resultados obtidos nas distintas probas (**PE**) supoñerán, conxuntamente, **o 90% restante da cualificación**.
- Ao longo do propio curso, o alumnado terá a posibilidade de ir **recuperando aquelas avaliacións parciais (1ª e 2ª)** nas que non acadou os obxectivos establecidos. Unha vez coñecidos os resultados destas recuperacións estableceranse as cualificacións definitivas de cada avaliación parcial. Entenderase que a terceira avaliación (da que os país non reciben notificación a través de boletín) terá a mesma consideración que a 1ª e a 2ª, pero no caso de ser necesaria a súa recuperación (para o cálculo da media que figura no punto seguinte), a mesma rexirase polo que se dí no punto seguinte.
- Para o cálculo da cualificación final dos alumnos teranse en conta o seguinte:
 - Se o alumno ten as tres avaliacións superadas ou ten dúas superadas e na restante unha cualificación non inferior a 3, a súa cualificación final será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións e superará a materia na convocatoria de xuño se dita media é non inferior a 5 puntos (se a media é inferior a 5 puntos, o cálculo da cualificación final obterase como se indica no seguinte párrafo).
 - Nos restantes casos, o alumno aínda terá dereito a unha proba final sobre a parte (ou partes) da materia correspondente ás avaliacións non superadas (no caso de seren varias, con corrección independente). Neste caso, a cualificación final será a media aritmética das cualificacións das avaliacións superadas, se é o caso, e das cualificacións da parte ou partes desta proba final; sempre que non sexan inferiores a 3 puntos. Se esta media é non inferior a 5 puntos e, alomenos dúas das tres cualificacións son iguais ou maiores de 5 puntos, o alumno superará a materia na convocatoria de xuño.
 - Nos casos en que non puido ser calculada a media que aparece nos párrafos precedentes, estimarase a cualificación final do alumno a través da media aritmética; pero no caso en que esta fose non inferior a 5 puntos, o alumno levará como cualificación final 4 puntos como máximo.
- De cara a aqueles alumnos e alumnas que non alcanzaron o aprobado en xuño, o Departamento organizará unha **proba escrita extraordinaria en setembro (a mesma**

para tódolos grupos dun mesmo curso). No caso de 2º curso de bacharelato a proba extraordinaria realizarase no mes de xuño.

Observación 1: Dado que o alumno que supera una avaliación non realiza a proba de recuperación, a cualificación dos alumnos que realizan esta proba **e a superan**, non poderá ser superior a 5 puntos.

Observación 2: Se se detecta que un alumno utiliza medios non reglamentarios para contestar a unha proba escrita calquera, levará a cualificación de 0 puntos (sobre 10) en dita proba.

16. CURRÍCULO DA MATERIA MATEMÁTICAS I DE 1º DE BACHARELATO

Libro de texto

Non hay libro de texto obrigatorio.

Unidades didácticas: secuencia e temporalización

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que se indicarán máis tarde, serán distribuídos en unidades didácticas. A continuación, indícase cales son esas unidades, así como a súa secuenciación e temporalización aproximada, advertindo que, tanto a secuenciación como a temporalización, poderán ser alteradas se o profesor ou profesora, logo de avaliar as características do alumnado e o seu coñecemento previo da materia, o considera oportuno.

TRIMESTRE	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRO	2. NÚMEROS E ÁLXEBRA	Unidade 1: Números reais	4 sesións
		Unidade 2: Álgebra. Ecuacións, inecuacións e sistemas	11 sesións
		Unidade 3: Números complexos	11 sesións
	3. ANÁLISE	Unidade 4: Funcións elementais	9 sesións
		Unidade 5: Límites e continuidade de funcións	13 sesións
SEGUNDO	3. ANÁLISE	Unidade 6: Derivadas	25 sesións
		Unidade 7: Representación gráfica	10 sesións
	4. XEOMETRÍA	Unidade 8: Trigonometría. Resolución de triángulos	13 sesións
TERCEIRO	4. XEOMETRÍA	Unidade 9: Vectores libres	7 sesións
		Unidade 10: Xeometría analítica	17 sesións
		Unidade 11: Lugares xeométricos. Cónicas	12 sesións
	5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	Unidade 12: Distribucións bidimensionais	12 sesións

Concreción dos elementos curriculares

Na táboa que figura a continuación deste parágrafo, e respectando o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllense os seguintes elementos do currículo da materia de Matemáticas I de 1º curso de Bacharelato:

- Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis, relacionados entre si e relacionados tamén co logro dos obxectivos xerais.
- O grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliábel.
- A distribución dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe nas respectivas unidades didácticas da materia.
- O perfil de cada competencia clave na materia.
- E, a modo orientador, os instrumentos a empregar para avaliar cada estándar de aprendizaxe

Matemáticas I. 1º de bacharelato												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas												
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	75%	X	X	X	X			Todas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demos- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	75%	X	X	X	X			Todas

Matemáticas I. 1º de bacharelato												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín	Procedementos e instrumentos de avaliación					Unidades	
						PE	PO	OB	CD	TI		TG
▪ I	problemas. ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto. ▪ B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes. ▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.	de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	trar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).									
			▪ MA1B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	▪ CMCCT	75%		X	X				Todas
			▪ MA1B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	▪ CMCCT	50%		X	X				Todas
			▪ MA1B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.	▪ CMCCT ▪ CAA	75%		X	X	X			Todas
			▪ MA1B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.	▪ CMCCT ▪ CAA	75%	X	X	X				Todas
▪ d ▪ j ▪ I	▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. ▪ B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc. ▪ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo. ▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.	▪ B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	▪ MA1B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático e reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.).	▪ CMCCT	25%	X	X	X				Todas
▪ g	▪ B1.6. Razoamento dedutivo e indu-	▪ B1.4. Elaborar un informe científico	▪ MA1B1.4.1. Usa a linguaxe, a	▪ CMCCT	100%	X		X	X	X	X	Todas

Matemáticas I. 1º de bacharelato												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
▪ i	<p>tivo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. ▪ B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático. ▪ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas ma- 	escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados.	notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.									
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. 	▪ CMCCT	100%	X	X	X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	75%	X		X				Todas

Matemáticas I. 1º de bacharelato												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
	temáticas.											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	25%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	25%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	25%			X				Todas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc. ▪ B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc. ▪ B1.6. Razoamento dedutivo e inductivo. ▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. ▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, a xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e o afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	25%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC 	50%			X		X	X	Todas

Matemáticas I. 1º de bacharelato												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
	das matemáticas, de xeito individual e en equipo.		cos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).									
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos. ▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. ▪ B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. 	CMCCT	50%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación. 	CMCCT	100%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razóns explícitos e coherentes. 	CCL CMCCT	75%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación. 	CMCCT CD	75%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. 	CCL	75%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, e, así mesmo, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. 	CMCCT	50%			X				Todas

Matemáticas I. 1º de bacharelato												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades
						PE	PO	OB	CD	TI	TG	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	50%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	50%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.8.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	75%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.8.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	75%			X		X	X	Todas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.8.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón mellores que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	50%			X				Todas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.9.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	75%			X		X	X	Todas

▪ a	▪ B1.10. Planificación e realización	▪ B1.10. Desenvolver e cultivar as	▪ MA1B1.10.1. Desenvolve actitudes	▪ CMCCT	75%			X	X	X	X	Todas
-----	--------------------------------------	------------------------------------	------------------------------------	---------	-----	--	--	---	---	---	---	-------

Matemáticas I. 1º de bacharelato													
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín.	Procedementos e instrumentos de avaliación						Unidades	
						PE	PO	OB	CD	TI	TG		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ n ▪ ñ ▪ o 	<p>de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<p>actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</p>	<p>axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE 									
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.10.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	50%			X		X	X		Todas
- Levar a cabo investigacións que requiran a elaboración de series de datos e a transcripción a táboas, diagramas e gráficas como un modo de organizalos e de interpretalos, identificando posibles modelos ós que se axusten e formulando novas cuestións.
- Emprega-los coñecementos estadísticos adquiridos para analiza-los datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e noutros ámbitos, sendo sensibles ante a súa utilización incorrecta.
- Utiliza-la linguaxe estatística para interpretar e comunica-la información que poida ser tratada polos seus métodos, valorando a estatística coma unha tecnoloxía de transformación de datos en información significativa.
- Aprecia-la importancia dos métodos estadísticos no intento do home de coñece-lo mundo, valorando as actitudes asociadas a eles como a análise crítica das afirmacións, o cuestionamento das ideas intuitivas, a necesidade de verificación ou a busca dunha medida da incerteza.
- Utiliza-los métodos numéricos na resolución de problemas contextualizados, tendo en conta a precisión requirida de acordo coa situación formulada e valorando a necesidade de verificación e de interpretación dos resultados.

2. Bloques de contidos

Probabilidade condicionada

Mostraxe
Estatística Inferencial
Series temporais
Programación linear
Métodos numéricos

3. Desenvolvemento dos bloques para o curso

En primeiro lugar, dado o carácter unitario dos bloques de Mostraxe e Estatística Inferencial reunificarémos estes dous bloques en un só, que se denominará Estatística Inferencial e ademís o bloque de Probabilidade Condicionada reforzarase con un tema inicial de Probabilidade e outro de Distribucións de Probabilidade.

Bloque I. Probabilidade

Unidade 1. Probabilidade

Experimento aleatorio. Espacio muestral

Sucesos

Probabilidade

Unidade 2. Probabilidade condicionada

Experimentos compostos

Probabilidade condicionada

Independencia de sucesos

Regra do producto

Regra das probabilidades totais

Regla de Bayes

Unidade 3. Distribucións de probabilidade

Noción de variable aleatoria

Variable aleatoria discreta

Variable aleatoria continua

Esperanza y varianza de una variable aleatoria

Distribución binomial

Distribución normal

Unidade 4. Cadeas de Markov

Noción de cadea de Markov

Grafo asociado. Matriz de transición

Transición a máis dunha etapa

Tipos de estados

Distribución estacionaria e distribución límite

Bloque II: Inferencia Estatística

Unidade 5. Introducción á Inferencia Estatística

Conceptos xerais

Métodos de mostraxe

Estimación puntual

Unidade 6. Estimación por intervalos de confianza

Intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida

Distribucións asociadas á normal: Chi Cuadrado e t de Student

Intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica descoñecida

Intervalo de confianza para a varianza dunha distribución normal

Intervalo de confianza para unha proporción

Selección do tamaño muestral

Unidade 7. Contrastes de hipótesis

Definicións básicas

Pasos para a contrastación de hipótesis

Contrastes de hipótesis paramétricos clásicos

Contraste para a media dunha distribución normal

Contraste para a varianza dunha distribución normal

Contraste para unha proporción

Relación cos intervalos de confianza

Bloque III: Series temporais

Unidade 8. Series temporais

Procesos estocásticos

Covarianza e correlación

Autocorrelación

Compoñentes dunha serie temporal

Análise da tendencia

Análise da componente estacional

Variacións cíclicas

Bloque IV: Programación linear

Unidade 9. Programación linear

Forma xeral dun problema de programación linear con dúas variables

Pasos na resolución dun problema de programación linear con dúas variables

Método gráfico para a resolución dun problema de programación linear con dúas variables

Problema do transporte

Forma xeral dun problema de programación linear

O problema dual

Bloque V: Métodos numéricos

Unidade 10. Resolución de ecuacións

Erros. Acotación e convergencia

Erro absoluto e relativo

Polinomios e ecuacións alxebraicas

Métodos de separación de raíces

Método de dicotomía ou bisección

Método da secante

Método de Newton

Métodos iterativos ou do punto fixo

Aplicación á resolución de sistemas

Unidade 11. Interpolación

Polinomio de interpolación

Interpolación linear

Polinomio de interpolación de Newton

Polinomio interpolador de Lagrange

Polinomio interpolador de Newton para nodos equidistantes

Polinomio de Taylor

Fórmula de Taylor con resto

Unidade 12. Integración numérica

Método de los rectángulos

Método de los trapecios

Método das tanxentes

Método de Simpson

4. Criterios de avaliación

1. Tomar decisións ante situacións que se axusten a unha distribución binomial ou normal, por medio da asignación de probabilidades aos sucesos correspondentes.

Preténdese valorar a capacidade dos alumnos e das alumnas para distinguir se diversos fenómenos aleatorios, discretos ou continuos, seguen a distribución binomial ou normal; igualmente, valorarase a soltura no manexo das correspondentes táboas para asignarlles probabilidades aos sucesos, analizándoos e decidindo a opción máis convinte.

2. Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.

Por medio deste criterio inténtase poñer de manifestó a capacidade de aplicar os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estatísticos dunha poboación, e comprobar se os alumnos son capaces de extraer conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida.

3. Analizar de forma crítica informes estatísticos presentes nos medios de comunicación e noutros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación de determinados datos.

O alumnado debe mostrar, a través deste criterio, unha actitude crítica ante as información que, revestidas dun formalismo estatístico, intentan deformar a realidade. Os informes poderán incluír datos en forma de táboa ou gráfica, parámetros obtidos a partir dela, así como posibles interpretacións.

4. Modelar situacións contextualizadas dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades ós diferentes estados.

Trátase de comprobar se o alumnado identifica certos fenómenos coas cadeas de Markov, se saben distinguir os seus estados e representalos e mais se calculan as probabilidades correspondentes utilizando as operacións con matrices ou outros métodos.

5. Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas.

Trátase de valorar a capacidade de descrición e de interpretación global, cualitativa e cuantitativamente, das compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica. Valorarase a competencia para calcular e utilizar a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións.

6. Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica, utilizando as técnicas de programación lineal e interpretando as solucións obtidas. Inténtase comprobar con este criterio se os alumnos e as alumnas son capaces de resolver problemas provenientes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con soltura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución. Tamén debe valorarse a capacidade de interpretar os resultados obtidos no contexto do problema formulado.

7. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e

estudando as relacións funcionais que interveñen neles. Preténdese verificar con este criterio se os estudantes son capaces de analizar os problemas e de determinar o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro que se comete co seu uso. Valorarase a actitude que leva a non tomar o resultado do cálculo por bo sen contrastalo coa situación de partida.

8. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade dos alumnos e das alumnas para axustar os datos extraídos dun experimento concreto a unha función, e para obter información

suplementaria mediante técnicas numéricas. Comprobarase tamén se o alumnado é capaz de analizar relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica,

demonstrando competencia no manexo de datos numéricos.

5. Distribución temporal

TRIMESTRE	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRO	I. PROBABILIDADE	Unidade 1: Probabilidade	4 sesións
		Unidade 2: Probabilidade condicionada	4 sesións
		Unidade 3: Distribucións de probabilidade	5 sesións
		Unidade 4: Cadeas de Markow	6 sesións
SEGUNDO	II. INFERENCIA ESTADÍSTICA	Unidade 5: Introducción á Inferencia Estadística	6 sesións
		Unidade 6: Estimación por intervalos de confianza	6 sesións
		Unidade 7: Contraste de hipótesis	8 sesións
	III. SERIES TEMPORAIS	Unidade 8: Series temporais	4 sesións
TERCEIRO	IV. PROGRAMACIÓN LINEAR	Unidade 9: Programación linear	6 sesións
	V. MÉTODOS NUMÉRICOS	Unidade 10: Resolución de ecuacións	6 sesións
		Unidade 11: Interpolación	6 sesións
		Unidade 12: Integración numérica	6 sesións

--	--	--	--

6. Cualificación e promoción

Será aplicable o sistema de avaliación das materias Matemáticas I e Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II de bacharelato.

21. O BACHARELATO DE ADULTOS

As materias de Matemáticas I e II, as Matemáticas Aplicadas I e II e os Métodos Estatísticos impártense tamen na ensinanza de adultos. Os contidos, obxetivos, contidos mínimos son os mesmos que para ensinanza ordinaria. Se ben, tendo en conta as características especiais deste tipo de alumnado: nalgúns casos compatibilizar estudio con traballo, noutros retomar estudos tras estar apartados da escolarización varios cursos; e convinte facer algunhas adaptacións noutros aspectos.

Principalmente nos aspectos de avaliación, se ben non se lles reduce a materia, tratarase de facer exames con maior frecuencia e menor contido en cada un deles para tratar de facilitarlle o estudio ós alumnos.

Á hora de facer exercicios, non se poderá resolver a mesma cantidade que no bacharelato diurno, xa que o tempo das clases é inferior e a son mási habituais as ausencias dos alumnos.

No caso das materias de 2º curso de bacharelato irán única e exclusivamente dirixidas á proba de acceso a universidade ou reválida de bacharelato.

En canto ó procedemento e instrumentos, todo é igual que na ensinanza ordinaria, salvando o número de probas escritas por avaliación que, ademáis, terán amesma ponderación.

No bacharelato de adultos recoméndase libros de texto para o alumno. Os libros e editoriais son as seguintes:

MATEMÁTICAS I

Editorial ANAYA

ISBN 978 84 678 2688 3

MATEMÁTICAS II

Editorial ANAYA

ISBN 978 84 698 1277 8

MATEMÁTICAS APLICADA ÁS C. SOCIAIS I

Editorial ANAYA

ISBN 978 84 678 2695 1

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS C. SOCIAIS II

Editorial ANAYA

ISBN 978 698 1280 8

22. CONCRECCIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ESO E BACHARELATO)

TI (Traballo individual)

- Resolución de exercicios e problemas, tanto na aula como fóra da aula (“deberes”).
- Contestar a cuestionarios pechados.
- Estudo de cuestión teóricas (resultados, teoremas con sus demostraciones, etc.).

TG (Traballo en grupo)

- Resolución de problemas de maior alcance que os realizados individualmente.
- Elaboración traballos sinxelos de investigación sobre determinados matemáticos e sobre temas relacionados coas matemáticas ou coa súa aplicación a disciplinas como a Física.

OB (Observación)

- Atención ás explicacións do profesor.
- Preguntas ó profesor sobre as cuestión explicadas na clase.
- Interés por ir máis alá dos resultados que se obteñen e se practican na aula.
- Levar ó día a materia.

CAD (Observación do caderno)

- Boa presentación e orde.
- Anotación de todo o traballo realizado na aula e fóra da aula (exercicios e problemas que se deben resolver).
- Datas da realización de cada un dos traballos.

PO (Probas orais)

- Preguntas orais na aula sobre cuestión relacionadas co tema sobre o que se está traballando no momento ou sobre o inmediatamente anterior. (con aviso previo do día desta proba).
- Sustitución da proba oral por unha escrita sobre unha ou dúas cuestión ou exercicios do tema actual ou anterior (cando se requira dispoñer de anotacións sobre a maior cantidade de alumnos no menor tempo posible).

PE (Proba escrita)

- Un máximo de dúas por avaliación (ademais das de recuperación, no seu caso. Constarán, polo xeral, dunha pequena parte teórica (un 25% como máximo) e o resto de parte práctica: exercicios e problemas.

23. PROGRAMA PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Introducción

O apartado 7 do artigo 12º do Decreto 133/2007 (polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia), así como o apartado 6 do artigo 6º da Orde do 21 de decembro do 2007 (pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia) establecen que o alumnado que promocióne de curso sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. Tamén dispoñen que a avaliación do programa de reforzo será tida en conta para os efectos de cualificación das materias non superadas e que lles corresponde aos departamentos didácticos a organización destes programas, que serán desenvolvidos, en cada curso, polo profesor ou profesora que imparta a docencia nel.

Do anterior dedúcese que **a avaliación da materia pendente é totalmente independente da materia do propio curso, polo cal convén ter moi claro que a superación desta última non implica unha avaliación automática positiva da materia pendente.**

Fases do programa

Os programas para a recuperación das materias pendentes desenvólvense en tres fases ou parciais. Estas fases están supeditadas ás datas que fixe a xefatura de estudos para as probas e avaliación de pendentes (3 datas). Debe terse en conta que a terceira fase ou parcial deberá realizarse nas semanas anteriores á data da última proba que sinala a xefatura de estudos, xa que, como se dirá despois, poderán ir a ela os alumnos que non conseguirán superar a materia pendente nas tres fases.

Podemos engadir, con carácter estimativo que aproximadamente as tres fases quedarían como segue: a primeira abarcaría dende o comenzo de curso ata o 11 de xaneiro, a segunda dende ese momento ata o 6 de abril e a terceira dende que remata o período anterior ata o 18 de maio, no caso de ESO e 27 de abril no caso de bacharelato.

Información inicial

Ademáis da publicación de contidos e número de exames, na forma que estableza a Dirección, cada alumno coas Matemáticas de cursos anteriores sen superar recibirá ó principio do curso unhas follas explicativas nas que se recollerán os seguintes aspectos sobre a materia pendente: libro de texto (que será o mesmo que se utilizou o curso pasado), contidos esixibles para a recuperación da materia, plan de traballo e procedemento de avaliación e cualificación.

Os alumnos que acudan ás clases específicas da materia pendente recibirán as instrucións do párrafo precedente do profesor que imparta estas clases e só terán en conta as que afecten á proba final no seu caso.

MATEMÁTICAS PENDENTE DE 1º DE ESO

Libro de texto

Título: **MATEMÁTICAS ESO 1**

Autores: J. Colera Jiménez e outros

Editorial: ANAYA

ISBN: 978-84-678-5073-4

Contidos esixibles

Son os que figuran na táboa que aparece ao remate deste parágrafo. **Son os contidos que o departamento considera mínimos e son contidos que foron traballados na aula por todos os profesores que impartiron a materia de Matemáticas o pasado ano académico.**

PRIMEIRO PARCIAL

Unidade 1: Números naturais.

Unidade 2: Potencias e raíces

Unidade 3: Divisibilidade

Unidade 4: Os números enteiros

Unidade 5: Os números decimais

SEGUNDO PARCIAL

Unidade 6: O sistema métrico decimal

Unidade 7: As fraccións

Unidade 8: Operacións con fraccións

Unidade 9: Magnitudes proporcionais. Porcentaxes

Unidade 10: Introducción á álgebra. Ecuacións

TERCEIRO PARCIAL

Unidade 11: Rectas e ángulos

Unidade 12: Figuras xeométricas

Unidade 13: Áreas e perímetros

Unidade 14: Funcións, táboas e gráficas

Unidade 15: Estatística

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os que figuran no cadro dedicado a 1º de ESO.

MATEMÁTICAS PENDENTE DE 2º DE ESO

Libro de texto

Título: **MATEMÁTICAS ESO 2**

Autores: J. Colera Jiménez e outros

Editorial: ANAYA

ISBN: 978-84-678-0223-8

Contidos esixibles

Son os que figuran na táboa que aparece ao remate deste parágrafo. **Son os contidos que o departamento considera mínimos e son contidos que foron traballados na aula por todos os profesores que impartiron a materia de Matemáticas o pasado ano académico.**

PRIMEIRO PARCIAL

Unidade 1: Divisibilidade e números enteiros

Unidade 2: Sistema de numeración decimal e sexagesimal

Unidade 3: As fraccións

Unidade 4: Proporcionalidade e porcentaxes

SEGUNDO PARCIAL

Unidade 5: Álgebra

Unidade 6: Ecuacións

Unidade 7: Sistemas de ecuacións

Unidade 8: Teorema de Pitágoras. Semellanza

TERCEIRO PARCIAL

Unidade 9: Corpos xeométricos

Unidade 10: Medida del volumen

Unidade 11: Funcións

Unidade 12: Estatística

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os que figuran no cadro dedicado a 2º de ESO

MATEMÁTICAS PENDENTE DE 3º DE ESO

Contidos esixibles

Son os que figuran na táboa que aparece ao remate deste parágrafo. **Son os contidos que o departamento considera mínimos e son contidos que foron traballados na aula por todos os profesores que impartiron a materia de Matemáticas o pasado ano académico.**

PRIMEIRO PARCIAL

Unidade 1: Fraccións e decimais

Unidade 2: Potencias e raíces. Números aproximados

Unidade 3: Progresións

Unidade 4: A linguaxe alxebraica

SEGUNDO PARCIAL

Unidade 5: Ecuacións

Unidade 6: Sistemas de ecuacións

Unidade 7: Funcións e gráficas

Unidade 8: Funcións lineais e cuadráticas

TERCEIRO PARCIAL

Unidade 9: Problemas métricos no plano

Unidade 10: Corpos xeométricos

Unidade 11: Estatística

Unidade 12: Azar e probabilidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os que figuran no cadro dedicado a 3º de ESO

MATEMÁTICAS PENDENTE DE MATEMÁTICAS I DE 1º DE BACHARELATO

Contidos esixibles

Son os que figuran na táboa que aparece ao remate deste parágrafo. **Son os contidos que o departamento considera mínimos e son contidos que foron traballados na aula por todos os profesores que impartiron a materia de Matemáticas o pasado ano académico.**

PRIMEIRO PARCIAL

Unidade 1: Númros reais

Unidade 2: Álgebra. Ecuacións, inecuacións e sistemas

Unidade 3: Números complexos

Unidade 4: Funcións elementais

SEGUNDO PARCIAL

Unidade 5: Límites e continuidade de funcións

Unidade 6: Derivadas

Unidade 7: Representación gráfica

Unidade 8: Trigonometría. Resolución de triángulos

TERCEIRO PARCIAL

Unidade 9: Vectores libres

Unidade 10: Xeometría analítica

Unidade 11: Lugares xeométricos. Cónicas

Unidade 12: Distribucións bidimensionais

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os que figuran no cadro dedicado a 1º de bacharelato.

MATEMÁTICAS PENDENTE DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS C. SOC. I DE 1º DE BACHARELATO

Contidos esixibles

Son os que figuran na táboa que aparece ao remate deste parágrafo. **Son os contidos que o departamento considera mínimos e son contidos que foron traballados na aula por todos os profesores que impartiron a materia de Matemáticas o pasado ano académico.**

PRIMEIRO PARCIAL

Unidade 1: Números Reais. Operacións con números reais

Unidade 2: Álgebra. Polinomios. Ecuacións. Inecuacións. Sistemas

Unidade 3: Matemática financeira

Unidade 4: Funcións reais de variable real

Unidade 5: Funcións elementais. Interpolación e extrapolación

Unidade 6: Límites e continuidade de funcións

SEGUNDO PARCIAL

Unidade 7: Taxa de variación. Derivada dunha función en un punto

Unidade 8: Funcións derivadas. Representación gráfica

Unidade 9: Distribucións bidimensionais

Unidade 10: Probabilidade. Probabilidade condicionada

Unidade 11: Probabilidade composta e total. Fórmula de Bayes

Unidade 12: Variables aleatorias. Distribucións binomial e normal

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os que figuran no cadro dedicado a Mat. Ap. ás C. Soc. I de 1º de bacharelato.

Plan de traballo

Ó comezo de cada unha das tres fases ou parciais, os profesores encargados da docencia no curso actual encargaranlle ós alumnos afectados a revisión dos exercicios e actividades realizados no curso no que non superaron a materia pendente, se cursaron a mesma neste centro, e o libro de texto de referencia. Ademais axudaranos nas dúbidas que se lles presenten, se é o caso.

De estas actividades ou exercicios esixiranlle a presentación dunha selección deles resoltos antes de que remate o parcial. Esta selección irá encamiñada a orientar, o máximo posible, ós alumnos de cara á proba escrita que deben realizar en cada parcial.

No caso en que o alumno non cursara neste centro a materia pendente, o profesor do curso actual deberá indicarlle os exercicios que debe revisar e a selección deles resoltos que debe entregar antes de que remate o parcial.

As probas escritas serán elaboradas por profesores do departamento, antes de seren aprobadas polo mesmo; preferentemente polos que imparten docencia no nivel da materia pendente. No caso previsible de que a xefatura de estudos organice clases específicas de materias pendentes, os profesores que impartan estas clases elaborarán estas probas (correspondentes as materias que impartan) antes da revisión delas polo departamento.

Finalmente, todos os exames de alumnos coa materia pendente serán depositados no departamento.

No caso das materias pendentes de 1º curso de bacharelato de adultos, o profesor que imparte docencia neste réxime encargarse de avaliar a materia pendente seguindo as directrices deste apartado.

Procedemento de avaliación e cualificación

En cada parcial, os profesores que impartan a materia de Matemáticas do curso actual avaliarán as actividades propostas no plan de traballo e avaliarán tamén a proba escrita de cada parcial. A avaliación das actividades dará lugar a unha nota máxima de 1 punto e a avaliación da proba escrita, a unha nota máxima de 9 puntos. A cualificación definitiva do parcial será a suma de ambas dúas notas e considerárase que un alumno superou o parcial cando esa cualificación definitiva non sexa inferior a 5 puntos.

Recuperarán a materia pendente os alumnos que, ao considerar as súas cualificacións definitivas nos tres parciais, obteñan nota media non inferior a 5 puntos.

Os alumnos que non logren recuperar a materia pendente por parciais terán, como última oportunidade para conseguilo, unha proba escrita final no mes de abril (bacharelato) ou maio (ESO). Esta proba será tamén de departamento e será corrixida da mesma maneira que as outras, é dicir, polo profesor do curso actual do alumno ou,

see é o caso, polo profesor que imparta clases específicas da materia pendente. Para conseguir mediante esta proba escrita final a recuperación total da materia pendente, será necesario obter nela unha nota non inferior a 5 puntos.

Será responsabilidade do profesor do curso actual do alumno pasar ó xefe de departamento as cualificacións dos tres períodos (os dous primeiros correspóndese coa primeira e segunda avaliación de Pendentes ás que leva as cualificacións o xefe de departamento). Ademáis no caso de non superar a materia, deberán informar ós alumnos de que deben realizar a proba final e comunicar ó xefe de departamento a relación de alumnos que deben realizar esta proba final. Os resultados desta proba serán comunicados ó xefe de departamento para poder levalos á avaliación final, xunto cos resultados dos que superaron a materia por parciais.

O alumnado que non logre recuperar a materia pendente na convocatoria ordinaria, terá oportunidade de facelo nun exame global extraordinario de setembro.

No caso dos alumnos que teñan clases específicas da materia pendente, o profesor poderá adaptar o sistema de probas, pero debe ter en conta todas as consideracións anteriores en canto a cualificacións e prazos. No caso de non superar a materia por parciais deberá informar ós alumnos que deben realizar a proba final e comunicar a relación destes alumnos ó xefe de departamento. A proba final será corrixida polo profesor da clase específica da materia pendente.

24. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais. Do establecemento do nivel de competencia curricular do grupo clase establecido a partir da avaliación inicial derivanse:

- A. Medidas xerais de grupo (metodolóxicas, curriculares e organizativas).
- B. Plans individuais que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

En canto a medidas organizativas, neste centro e nos cursos de 1º de ESO e 2º de ESO organízanse unha especie de desdobramentos de grupos (chamados agrupamentos) para atender, de maneira moito máis individualizada, ós alumnos que avanzan con máis dificultade na materia; despois da avaliación inicial.

Así, fórmanse dos grupos en 1º de ESO; un deles recolle alumnos dos grupos A e B e o outro alumnos dos grupos C e D.

En 2º curso de ESO constitúese tamén dous grupos, un deles con alumnos dos grupos A e B e o outro cos grupos C e D.

O número de alumnos nestes grupos e de 10, como máximo. A incorporación é controlada polo departamento de orientación, oída a xunta avaliadora e co consentimento dos pais dos alumnos. Ó longo do curso, sobre todo despois da primeira e da segunda avaliación poden incorporarse alumnos ou poden pasar alumnos ó grupo matriz no caso en que se considere que xa non necesiten atención especial.

Como se decía, nestes agrupamentos a atención é máis individualizada e a metodoloxía debe ter as características que figuran a continuación como medidas individualizadas.

Entre as medidas de atención individualizadas enumeramos as seguintes:

1. Adaptacións metodolóxicas:

- Combinar periodos cortos de atención con realización de actividades.
- Empregar, en determinados momentos, como medio de aprendizaxe materiais informáticos.
- Traballar en pequenos grupos utilizando diversidade de materiais.
- Dividir as tarefas por secuencias breves.
- Permitir que o alumno poida, en ocasións, escoller entre diferentes tarefas.
- Reducir o número de exercicios.

2. Adecuación das actividades de aprendizaxe.

- Ampliación do tempo para realizar as actividades.
- Material de apoio como fotocopias para reforzar actividades e contidos que non comprende.

3. Adecuación da avaliación:

- Ter en contas nas probas escritas a posible dificultade coa expresión escrita dalgúns alumnos.
- Confirmación da comprensión semántica da información contida nos enunciados das preguntas ou problemas.
- Facilitar, nalgúns casos, a alternancia de realizar exames de forma oral e escrita.
- Combinar diferentes formatos de pregunta nunha mesma proba: V/F, completar un esquema, opción múltiple, frases para completar.
- Adaptación dos instrumentos de avaliación (reducir extensión ds traballos individualizados encargados, ampliar o tempo para realizar as probas ou a resolución de exercicios ...)
- Realizar adaptacións do exame ordinario.
- Traballar, antes da proba, con mostras de formato de exame.
- Controlar que o alumno revise o exame antes de entregalo.

- Definición explícita e precisa dos mínimos esixibles.
- Elaboración de plans de apoio e reforzo individualizados asociados aos mínimos esixibles deficitarios.
- Graduar os indicadores que establecen o grado de adquisición das aprendizaxes

A continuación engadimos a normativa (DOG 7 de novembro de 1995) contida no seu artigo 4º.

Artigo 4º.-Definición e condicións:

2. As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

a) Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

b) Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarallo ó equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.

c) O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.

3. As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzó educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

25. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño dispón no apartado 3 do seu artigo 21º, o seguinte: “o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas”.

Nese proceso de avaliación dos procesos de ensino e da súa propia práctica docente, o departamento de Matemáticas establece os indicadores de logro que figuran nas táboas que aparecen a continuación deste parágrafo cunha escala de 1 a 4 aparellada, na cal 1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total desexado.

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.				
2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.				
3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.				
8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.				
9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.				
10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado				

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.				
2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise				
3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.				
4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.				
6. Potenciar estratexias de animación á lectura.				
7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.				
8. Incorporar as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
10. Corrixir rapidamente as probas e traballos				
11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos				
12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.				
13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación.				
14. Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe.				
15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación				

26. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 2 do seu artigo 21º, o seguinte: “a avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe”.

Por outra parte, a Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no apartado 3º do seu artigo 13º que as programación didácticas deben incluír “mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora”

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en todos os seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, ...

As reunións do Departamento son o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que vaian xurdindo.

Ademáis, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ao seu respecto na programación do seguinte curso. Para facilitar a citada avaliación, o departamento de Matemática establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación cunha escala de 1 a 4, na cal 1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela	Escala			
	1	2	3	4
1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas				
2. Respetar a secuenciación prevista dos estándares para cada unha das unidades.				
3. Respetar o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.				
5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.				
6. Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.				
7. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.				
8. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.				
9. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.				
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.				
11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
12. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
13. Respetar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.				
14. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias				
15. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.				
16. Adecuar os exames aos estándares establecidos.				
17. Realizar as actividades complementarias previstas.				
18. Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
19. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
20. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.				
21. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.				
22. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación				

27. APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Na reunión de departamento de Matemáticas, celebrada o día 14 de setembro de 2018, aprobouse a presente PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2018-2019, incluídos o anexo que segue; e tamén una información básica desta programación formada por apartados textuais da mesma.

ANEXO: PROGRAMACIÓN AGRUPAMENTOS DE 1º E 2º DE ESO

Aspectos xerais

No apartado de ATENCIÓN Á DIVERSIDADE quedou reflexado que no aspecto organizativo o centro estableceu os chamados “agrupamentos” en primeiro e segundo curso de ESO. Ademais quedaron especificadas as medidas a ter en conta ó impartir a materia nestes grupos de alumnos.

Neste apartado especificaranse algunhas outras cuestións ademais de recordar tamén a cuestión organizativa sinalada no devandito apartado.

No curso de 1º de ESO créanse dous grupos de alumnos, chamados agrupamentos, un deles con alumnos de 1ª A e 1º B e outro con alumnos de 1º C e de 1º D.

En 2º curso de ESO créase tamén dous grupos, un deles con alumnos dos grupos A e B e o outro cos dos grupos C e D.

Os grupos fórmanse coa coordinación do Departamento de Orientación e téñense en conta as deliberacións das xuntas de avaliación e a aceptación dos representantes legais dos alumnos. Básicamente tense en conta as dificultades de aprendizaxe que se veñen observando no curso anterior ou nos centros dos que proceden os alumnos (no caso dos de nova incorporación ó centro).

O número de alumnos de estos grupos é de 10, como máximo.

Os alumnos que constitúen os grupos non son, necesariamente, os mesmos ó longo do curso: despois da primeira ou da segunda avaliacións poden incorporarse alumnos ou posen saír alumnos ó grupo matriz no caso en que xa non necesiten atención especial.

O horario semanal de clases para estes grupos é exactamente o mesmo co dos demais alumnos: os grupos de donde proceden os alumnos do agrupamento teñen clase á mesma hora e un terceiro profesor do departamento encárgase do grupo de agrupamento noutra aula diferente.

Medidas de atención individualizadas

As que figuran no apartado de ATENCIÓN Á DIVERSIDADE desta programación didáctica.

Contidos e avaliación

A organización destes agrupamentos en ningún caso, supoñen adaptación de contidos ou modificación de obxectivos e, por outra parte, os referentes de avaliación continúan sendo os mesmos que os do grupo ordinario ao que pertencen. **Trátase, en definitiva, de “repasar” e “insistir” nos mesmos contidos que se están desenvolvendo no grupo ordinario e, en xeral, concíbense como medidas temporais** que se manteñen ata que se adquiren ou dominan as aprendizaxes obxecto de reforzo. Polo tanto, a dinámica habitual sería que os alumnos aos que se lle aplican estas medidas foran cambiando en función das súas necesidades.

Coordinación

O profesor que imparte a materia no agrupamento reunirse con frecuencia cos profesores dos grupos "matriz" de onde proceden os alumnos para coordinarse na temporalización dos contidos e nas actividades que se estean realizando en cada momento, sempre tendo en conta que o profesor do agrupamento aplicará as medidas individualizadas sinaladas antes.

ANEXO: AVALIACIÓN NO BACHARELATO DE ADULTOS E RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NO MESMO

No réxime de adultos o alumnado será cualificado por estándares.

Cada estándar será cualificado cun máximo de dez puntos.

Realizaranse tres avaliacións.

Efectuaranse dous exames por avaliación.

Realizarase unha recuperación de cada exame. O alumnado poderá presentarse, de maneira voluntaria, aos exames de recuperación, teñan o estándar suspenso ou aprobado. Manterase a mellor nota das dúas obtidas no estándar.

En cada avaliación notificarase a cualificación que o alumno/a teña nese momento considerando todos os estándares avaliados ata a data, é dicir, será a cualificación que se obtería se nese momento terminase o curso.

A materia aprobarase ao final de curso sempre que a media ponderada dos estándares cualificados sexa de cinco puntos ou superior.

Será condición necesaria para aprobar a materia o presentarse a todos os exames do curso, ben ao ordinario ou ao de recuperación. Haberá un exame extraordinario de fin de curso para aqueles alumnos que non superasen a materia.

Tanto o exame extraordinario de fin de curso como o de setembro, confeccionaranse cunha selección de cuestións que abarcarán todos os temas da programación correspondente. Os devanditos exames cualificaranse cun máximo de dez puntos e serán necesarios cinco para obter o aprobado.

Respecto dos alumnos con materias pendentes, ao estar estes matriculados na devandita materia, e asistir a clase, a súa cualificación estará suxeita ás normas expostas anteriormente.

Se por razóns aceptadas pola xefatura de estudos do réxime de adultos, algún alumno non seguise o procedemento anterior, terán dereito a un exame extraordinario de fin de curso que será o mesmo que os dos alumnos que non superasen a materia

Pontevedra, setembro de 2018

M. Enrique Giménez Escribano

Profesor de matemáticas do réxime de adultos